

**TRIBUNAL GALEGO DE
DEFENSA DA COMPETENCIA**

**INFORME SOBRE A SITUACIÓN DA COMPETENCIA
EN GALICIA NO ANO 2005**

Santiago de Compostela

INDICE

1. –INTRODUCCIÓN	7
2. –VANTAXES DE INCREMENTAR O NIVEL DE COMPETENCIA.....	11
3. –SITUACIÓN INSTITUCIONAL	15
3.1. Elementos básicos do sistema de defensa da competencia.....	15
3.2. Papel dos órganos galegos de defensa da competencia no amparo e promoción da competencia.....	24
4. –CONDUTAS ANTICOMPETITIVAS IDENTIFICADAS.....	29
4.1. Conduas restritivas da competencia	30
4.2. Operacións de concentración.....	35
4.3. Axudas públicas	39
5. –SECTORES NOS QUE SE IDENTIFICAN CONDUTAS ANTICOMPETITIVAS.....	43
5.1. Sectores identificados a partir do enfoque obxectivo e baseado nos expedientes rexistrados polas autoridades da competencia.....	46
5.2. Sectores identificados a partir do enfoque obxectivo e baseado en indicadores	50
5.3. Sectores identificados a partir do enfoque subxectivo.....	58
6. –CONCLUSIÓNS SOBRE A SITUACIÓN DA COMPETENCIA	61
6.1. Sobre a situación institucional	61
6.2. Sobre as prácticas restritivas	63
6.3. Sobre os sectores nos que se identifican problemas de competencia	64
7. –RECOMENDACIÓNS PARA INCREMENTAR A COMPETENCIA	67
7.1. A competencia como un eixe destacado da política económica.....	67
7.2. Dotacións para os órganos de defensa da competencia.....	67

Informe sobre a situación ...

7.3. Actuación de oficio da administración pública	67
7.4. Novas competencias para os órganos galegos na perspectiva da reforma da Lei de defensa da competencia.....	67
7.5. Competencia e reforma estatutaria.....	68
7.6. Transparencia e competencia no ámbito da contratación pública.....	68
7.7. Política de subvencións	68
7.8. Apoio aos labores de promoción dos méritos da competencia entre a sociedade.....	68
7.9. O papel dos cidadáns e das empresas na defensa da competencia	69

ANEXOS.

ANEXO I. RESOLUCIÓNS DITADAS POLO TRIBUNAL DE DEFENSA DA COMPETENCIA NOS ANOS 2004 E 2003 CON EFECTOS EXCLUSIVOS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA	71
ANEXO II. RESOLUCIÓNS SOBRE PRÁCTICAS PROHIBIDAS E AUTORIZACIÓNS SINGULARES DO TRIBUNAL DE DEFENSA DA COMPETENCIA NO ANO 2005	78

1. INTRODUCCIÓN

O presente informe realizase en cumprimento do disposto na Lei 6/2004, do 12 de xullo, reguladora dos órganos de defensa da competencia da comunidade autónoma de Galicia, que no seu apartado k) do artigo 3.3, sinala que o Tribunal Galego de Defensa da Competencia (TGDC) debe remitir anualmente ao Parlamento a Memoria de Actividades e un Informe sobre a Situación da Competencia en Galicia.

Nesta ocasión, o informe ten unha especial relevancia por ser o primeiro desta natureza que realiza o TGDC. Trátase dunha novidade non só para Galicia senón tamén a nivel estatal, porque nin o Tribunal de Defensa da Competencia da Administración Central, nin os outros órganos de Defensa da Competencia autonómicos o elaboran.

Sen dúbida foi un acerto do lexislador incluír entre as obrigas do TGDC a realización dun informe sobre a situación de competencia na nosa comunidade autónoma. Este informe permitirá ir coñecendo cales son as prácticas e os mercados máis sensibles aos incumprimentos das normas de competencia, e servirá tamén de reflexión sobre os avances que se vaian producindo de cara a lograr un máis alto nivel de competencia en Galicia. O Tribunal espera que tamén sirva para suxerir e vehicular futuras actuacións públicas encamiñadas a incrementar o grao de competencia nos diferentes sectores de actividade da economía galega.

Desde esa perspectiva, o presente informe divídese en sete apartados. Despois da introdución expóñense as vantaxes principais de protexer a competencia na nosa comunidade autónoma. A competencia é un dos piares fundamentais das economías de mercado, e o seu amparo e promoción permiten obter mellores froitos en termos de maior produtividade e competitividade das empresas, alén de contribuír a unha maior satisfacción dos consumidores. Neste apartado expóñense, pois, os efectos económicos positivos da competencia que, en definitiva, constitúen a xustificación última dos esforzos a prol da

Informe sobre a situación ...

mesma e, por tanto, a base de todo o sistema de defensa da competencia.

No terceiro apartado explícase de xeito sucinto en que consiste o sistema de defensa da competencia e o papel que dentro del xogan os órganos galegos de defensa da competencia, así como a contribución destes últimos a prol dunha maior competencia en Galicia.

O cuarto apartado está dedicado á análise e comentario sobre a situación da competencia en Galicia respecto das condutas recollidas na normativa correspondente.

A determinación do nivel de competencia debe facerse sobre todo a nivel sectorial. Por esa razón o quinto apartado examina a situación da competencia en Galicia por sectores económicos. Nel identifícase un conxunto de enfoques útiles para tal análise e, logo, coméntase a súa aplicación na nosa comunidade. Tamén se recollen os resultados básicos do traballo sobre prezos relativos dos bens e servizos realizado para o TGDC por un equipo de investigadores da Universidade da Coruña.

No apartado sexto establécense as conclusión derivadas das análises anteriores, clasificadas nos tres apartados considerados: situación institucional, situación relativa as prácticas e situación sectorial.

O apartado sétimo, e último, contén unha serie de recomendacións para avanzar nos obxectivos de incrementar a competencia en Galicia. Son recomendacións que se dirixen fundamentalmente aos poderes públicos, pero tamén aos cidadáns e as empresas en xeral, destinatarios últimos das normas de defensa da competencia e beneficiarios directos dos seus efectos positivos.

Aínda que este informe se presenta ao Parlamento, ten tamén vocación de atraer a atención dos axentes económicos e do público en xeral, de modo que alerte sobre as áreas que poden ser motivo de

preocupación para as autoridades de competencia, e para promover unha maior conciencia cidadán sobre o valor da competencia, de maneira que se obteñan os mellores resultados do funcionamento dos mercados.

2. VANTAXES DE INCREMENTAR O NIVEL DE COMPETENCIA

A competencia é un dos piares sobre os que asenta o funcionamento eficiente dos mercados. A súa protección e amparo resulta imprescindible para que o sistema económico de mercado renda os froitos esperados en termos de creación de riqueza, desenvolvemento e prosperidade. Para Galicia estas metas son altamente importantes, a fin de mellorar a súa posición económica en termos relativos a outras áreas e países europeos.

Segundo datos do INE, Galicia apenas alcanza o 75 por cento do PIB promedio da Unión Europea actual (U.E. 25) en termos de paridade do poder adquisitivo, por diante só de Andalucía e Estremadura no Estado Español. Se se quere avanzar decididamente no obxectivo de equiparación coas comunidades autónomas españolas máis dinámicas e coas economías europeas máis avanzadas é preciso fortalecer a produtividade e a competitividade das empresas galegas. O potenciación dos mecanismos de competencia na economía de Galicia pode axudar significativamente a conseguir mellores resultados neses dous ámbitos.

Naturalmente, defender a competencia non implica desatender outros aspectos igualmente importantes, tales como: (i) a cooperación necesaria entre os axentes económicos para conseguir metas produtivas complexas; (ii) a prestación de servizos sociais necesarios que só o Estado pode subministrar de xeito adecuado; ou (iii) a intervención dos poderes públicos para evitar o impacto negativo dun funcionamento completamente autónomo dos mercados. Agora ben, a competencia entre os axentes económicos – empresas, profesionais, e tamén a administración pública no desempeño de actividades compatibles co mercado– é unha condición inescusable para que o xogo das forzas do mercado resulte en incrementos de produtividade, máis innovación e máis competitividade da nosa economía.

Unha sociedade ancorada na colusión entre empresas para fixar prezos e calidades inferiores dos bens e servizos que subministran, ou

sen capacidade de resposta ante o poder dos monopolios, é unha sociedade que dificilmente poderá xerar riqueza, desenvolvemento e oportunidades de futuro para os seus membros. Por iso a protección e estímulo da competencia é un obxectivo de primeiro orde tanto para os responsables políticos como para as empresas e para todo o conxunto da sociedade.

Pódense distinguir tres grupos de efectos positivos da competencia. Os que recaen sobre os consumidores, os que afectan a produtores ou subministradores de bens e servizos, e finalmente os de carácter xeral para toda a economía.

Para os consumidores, a competencia ten efectos claramente positivos pois permite dispor de prezos máis baixos, produtos de maior calidade, mellores servizos e máis variedade da oferta. En definitiva, unha satisfacción máis completa das súas necesidades. É indubidable que os consumidores, e como cidadáns todos o somos, deben ser os primeiros interesados en protexer e promover a competencia empresarial.

No tocante aos efectos sobre produtores, as empresas e demais entidades que se dedican ao subministro de bens e servizos só poden obter maiores beneficios e maiores cotas de mercado, baixo condicións de competencia, ofertando produtos con prezos máis baixos e de maior calidade. Para iso deben esforzarse por reducir os seus custos e por aplicar constantemente melloras tecnolóxicas, tanto nos produtos coma nos procesos produtivos. A consecuencia desa acción combinada de múltiples axentes económicos actuando baixo condicións de competencia é unha mellor asignación dos recursos produtivos escasos, un estímulo permanente á innovación e á introdución de novos procesos produtivos, así como á apertura de novos mercados.

Eses efectos positivos sobre a asignación dos recursos, a redución de custos e a innovación redunda nun maior nivel de produtividade e competitividade das empresas. Isto ten unha repercusión non só nos mercados internos, senón tamén no comercio

exterior, pois as empresas que compiten con éxito nos mercados internos están mellor preparadas para competir tamén nos externos.

Ademais a competencia induce un proceso de selección san entre as empresas, de maneira que as menos eficientes van desaparecendo e son substituídas por empresas máis fortes e máis adaptadas ás necesidades dos consumidores. Este proceso de destrución creadora é un elemento de dinamismo moi importante posto de manifesto polos tratadistas económicos. Entre eles destaca o gran economista austríaco Schumpeter que, xa en 1942, afirmaba que “a forza fundamental que pon en marcha e mantén en movemento a maquinaria capitalista xurde dos novos bens de consumo, dos novos métodos de produción e das novas formas de transporte, a apertura de novos mercados e os sistemas novos de organización que a empresa capitalista crea continuamente (...) este proceso de destrución creadora é o risco esencial do capitalismo.” A través dese proceso de “destrución creadora” tamén se estimula o incremento da produtividade e da competitividade ao desapareceren as empresas menos eficientes e seren substituídas por outras con maior nivel de produtividade e máis adaptadas ás necesidades dos consumidores.

En definitiva, existe unha interrelación positiva entre competencia, innovación e crecemento. Pode afirmarse con seguridade que os efectos últimos da competencia son o incremento da produtividade, unha maior flexibilidade fronte a *shocks* externos, e un maior nivel de competitividade.

En consecuencia co anterior, a política de defensa da competencia debe ir ganando terreo tanto na conciencia da poboación xeral como na dos axentes económicos, e sobre todo entre os responsables políticos que teñen na súa man a posibilidade de potenciar ao máximo este instrumento de creación de riqueza e crecemento.

É precisamente nesta perspectiva na que se debe colocar aos órganos galegos de defensa da competencia de Galicia: como instrumentos efectivos de promoción e amparo da competencia na nosa

Informe sobre a situación ...

comunidade autónoma. Naturalmente estes órganos non poden actuar no baleiro, senón que necesitan o concurso da sociedade no seu conxunto.

3. SITUACIÓN INSTITUCIONAL

Os órganos galegos de defensa da competencia, que son o TGDC e o SGDC, non actúan illadamente: a súa conduta incardínase dentro dun sistema de valores –cultura de defensa da competencia– e dun sistema administrativo de defensa da competencia que actúa a nivel de toda a Unión Europea e que na actualidade responde a unha estrutura descentralizada.

No referente á cultura da competencia resulta difícil facer aseveracións firmes no caso galego dada a inexistencia de estudos ó respecto, se ben non parece que as prácticas contrarias á libre competencia teñan unha penalización social importante. Se as prácticas colusivas foran amplamente rexeitadas pola poboación, esta valoración favorecería sen dúbida a non realización de tales condutas.

Antes de presentar brevemente os trazos máis destacados do sistema de defensa da competencia, así como do papel dos órganos de defensa da competencia galegos a prol dunha maior competencia en Galicia, cómpre sinalar que a atención das autoridades públicas a esta materia é tamén un indicador relevante da situación da competencia nun determinado territorio. Se ben en Galicia esta atención ten sido limitada no pasado, a posta en marcha do TGDC e o SGDC supón un cambio moi positivo que debe ser valorado convenientemente.

3.1. Elementos básicos do sistema de defensa da competencia

O sistema galego de defensa da competencia comprende os seguintes elementos básicos: (i) un conxunto de normas; (ii) un conxunto de institucións; (iii) un conxunto de principios ou elementos xurídicos fundamentais; e (iv) uns procedementos de actuación.

3.1.1. Conxunto de normas

O primeiro elemento do sistema é o conxunto de normas relevantes, desde a perspectiva da competencia, para a actuación das

empresas que operan no territorio galego. Cómpre sinalar a este respecto que as comunidades autónomas carecen de competencias lexislativas e están limitadas á aplicación das normas existentes sobre esta materia. Soamente existe capacidade lexislativa a nivel estatal e a nivel europeo.

– Normativa Autonómica

Lei 6/2004, do 12 de xullo, reguladora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 141, do 12 de xullo de 2004, p. 10.450. Corrección de erros: DOG nº 199, do 13 de outubro de 2004, p. 13.946. DOG nº 203, do 19 de outubro de 2004, p. 14.166).

Decreto 20/2005, do 3 de febreiro, de desenvolvemento da Lei 6/2004, do 12 de xullo, reguladora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 32, do 16 de febreiro de 2005, p. 2.639).

– Normativa Estatal

Lei 16/1989, do 17 de xullo, de Defensa da Competencia (BOE nº 170, do 18 de xullo de 1989).

Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de Coordinación das Competencias do Estado e as Comunidades Autónomas en materia de Defensa da Competencia (BOE nº 46, 22-Feb-2002)

Real decreto 1443/2001, do 21 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 16/1989, do 17 de xullo, de Defensa da Competencia, no referente ao control das concentracións económicas (BOE. núm. 16, de 18 de xaneiro de 2002).

Real decreto 378/2003, do 28 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 16/1989, do 17 de xullo, de Defensa da Competencia, en materia de

exencións por categorías, autorización singular e rexistro de defensa de la competencia (BOE. núm. 90, de 15 de abril).

Real decreto 2295/2004, do 10 de decembro, relativo á aplicación en España das normas comunitarias de competencia (BOE nº 308, xoves, 23 de decembro).

Real decreto 602/2006, do 19 de maio, polo que se aproba o Regulamento de exención de determinadas categorías de acordos de intercambio de información sobre morosidade (BOE nº 129, mércores 31 de maio).

Dende xaneiro de 2005 está en marcha un proceso de reforma da Lei de defensa da competencia. Esta reforma pretende unha actualización normativa tendente a incorporar determinadas modificacións producidas no ámbito europeo, así como o establecemento dun novo esquema institucional dos órganos de defensa da competencia a nivel estatal, para dotalos de maior independencia e axilidade nas súas actuacións.

– Normativa comunitaria

As normas básicas no ámbito comunitario, relativas a prácticas prohibidas, control de concentracións e axudas públicas, son as seguintes:

+ Prácticas prohibidas: 81 e 82 CE.

Regulamento (CE) nº 1/2003, do Consello, do 16 de decembro de 2002, relativo á aplicación das normas sobre competencia previstas nos artigos 81 e 82 CE (DO L 1, do 4.1.2003, p. 1).

Regulamento (CE) nº 773/2004, da Comisión, do 7 de abril de 2004, relativo ao desenvolvemento dos procedementos da Comisión ao abeiro aos artigos 81 y 82 CE (DO L 123, de 27.4.2004, p. 18).

Comunicación da Comisión sobre a cooperación na Rede de Autoridades de Competencia (DO C 101, de 27.4.2004, p. 43).

Comunicación da Comisión relativa á cooperación entre a Comisión e os órganos xurisdicionais dos Estados membros da UE para a aplicación dos artigos 81 e 82 CE (DO C 101, de 27.4.2004, p. 54).

Comunicación da Comisión sobre a tramitación de denuncias por parte da Comisión ao amparo dos artigos 81 e 82 CE (DO C 101, de 27.4.2004, p. 65).

Comunicación da Comisión relativa á orientacións informais sobre cuestións novas relacionadas cos artigos 81 e 82 CE que xurdan en asuntos concretos (cartas de orientación) (DO C 101, de 27.4.2004, p. 78).

Comunicación da Comisión Directrices relativas ao concepto de efecto sobre o comercio contido nos artigos 81 e 82 CE (DO C 101, de 27.4.2004, p. 81).

Comunicación da Comisión Directrices relativas á aplicación do parágrafo 3 do artigo 81 CE (DO C 101, de 27.4.2004, p. 97).

+ Concentracións económicas.

Regulamento (CE) n° 139/2004, do Consello, do de 20 de xaneiro de 2004 sobre o control das concentracións entre empresas («Regulamento comunitario de concentracións») (DO L 24, do 29.1.2005, p. 1).

Regulamento (CE) n° 802/2004, da Comisión, do 7 de abril de 2004, polo que se aplica o Regulamento (CE) n° 139/2004, do Consello, do de 20 de xaneiro de 2004 sobre o control das concentracións entre empresas (DO L 133, do 30.4.2004, p. 1).

+ Axudas públicas: Artigos 87 a 89 CE.

Regulamento (CE) nº 994/1998 do Consello, do 7 de maio de 1998 sobre a aplicación dos artigos 92 e 93 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea a determinadas categorías de axudas de Estado horizontais (DO L 142, do 14.5.1998, p. 1).

Regulamento (CE) nº 659/1999 do Consello, do 22 de marzo de 1999 polo que se establecen disposicións de aplicación do artigo 93 do Tratado CE (DO L 83, do 27.3.1999, p. 1).

Regulamento (CE) nº 794/2004, da Comisión, do 21 de abril de 2004, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) No 659/1999 do Consello polo que se establecen disposicións de aplicación do artigo 93 do Tratado CE (DO L 140, do 30.4.2004, p. 1).

Outras normas relevantes en materia de axudas públicas son:

Regulamento (CE) nº 68/2001, da Comisión, do 12 de xaneiro de 2001, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas á formación (DO L 10, do 13.1.2001, p. 20). Modificado polo Regulamento (CE) nº 363/2004 da Comisión, do 25 de febreiro de 2004 (DO L 63, do 28.2.2004, p. 20).

Regulamento (CE) nº 69/2001, da Comisión, do 12 de xaneiro de 2001, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas de minimis (DO L 10, do 13.1.2001, p. 30).

Regulamento (CE) nº 70/2001, da Comisión, do 12 de xaneiro de 2001, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas estatais ás pequenas e medianas empresas (DO L 10, do 13.1.2001, p. 33). Modificado polo Regulamento (CE) nº 364/2004, da Comisión, do 25 de febreiro de 2004, polo que se modifica o Regulamento (CE) nº

70/2001 con vistas a ampliar o seu alcance ás axudas de investigación e desenvolvemento (DO L 63, do 28.2.2004, p. 22).

Regulamento (CE) nº 2204/2002, da Comisión, do 12 de decembro de 2002, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE a las axudas estatais para o emprego (DO L 337, do 13.12.2002, p. 3).

Regulamento (CE) nº 1/2004, da Comisión, do 23 de decembro de 2003 sobre a aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas estatais para as pequenas e medianas empresas dedicadas á produción, transformación e comercialización de produtos agrarios (DO L 1, do 3.1.2004, p. 1).

Regulamento (CE) nº 1595/2004, da Comisión, do 8 de setembro de 2004 sobre a aplicación dos artigos 87 e 88 del Tratado CE ás axudas estatais para as pequenas e medianas empresas dedicadas á produción, transformación e comercialización de produtos da pesca (DO L 291, do 14.9.2004, p. 3).

3.1.2. Conxunto de institucións

O sistema galego de defensa da competencia inclúe tamén un conxunto de institucións. Estas son basicamente os órganos propios de Galicia, pero tamén teñen presenza as institucións españolas e comunitarias.

As institucións específicas de Galicia no ámbito da defensa da competencia son: o TGDC e o SGDC.

O TGDC está formado por tres membros: o presidente e dous vogais. Trátase dun órgano colexiado rexido polo Pleno ao que asiste un secretario.

O presidente e os vogais do TGDC son nomeados polo Consello da Xunta de Galicia. O seu nomeamento ten unha duración de cinco

años, renovable unha soa vez. O presidente e os vogais exercen as súas funcións con dedicación absoluta.

O cadro de persoal definitivo do TGDC foi determinado na Resolución do 9 de maio de 2005 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 6 de maio de 2005, que aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Economía e Facenda e a nova relación de postos de traballo do organismo autónomo Tribunal Galego de Defensa da Competencia. (DOG nº 94, Mércores, 18 de maio de 2005, p. 8.334).

Na actualidade desenvolven as súas tarefas no TGDC 8 persoas: os tres membros do Pleno, o secretario xeral (Grupo A), dúas secretarías (Grupo C), un habilitado (Grupo C) e unha ordenanza (Grupo E). En relación a outros organismos semellantes bótase en falta a carencia de técnicos especializados en defensa da competencia (Grupo A).

Pola súa banda, o cadro de persoal do SGDC (Consellería de Economía e Facenda. Secretaría Xeral e do Patrimonio) está formado na actualidade por só dúas persoas: a subdirectora xeral e o xefe de Negociado. Este cadro de persoal enténdese moi escaso dada a importancia das funcións que ten encomendadas este organismo.

As actuacións e resolucións das institucións españolas, da Administración Xeral, tamén teñen incidencia en Galicia. Os organismos deste nivel administrativo que entenden sobre competencia son: o Tribunal de Defensa da Competencia (TDC) e o Servizo de Defensa da Competencia (SDC). Por outra banda, os órganos xurisdiccionais con competencia propia son: os Xulgados do Mercantil, para a aplicación dos artigos 81 e 82 CE, e a Audiencia Nacional e os Tribunais Superiores de Xustiza, en primeira instancia, e o Tribunal Supremo, en última instancia, con función revisora da actuación administrativa.

Nos últimos anos houbo un reforzo nos medios postos ao servizo da política de defensa da competencia en España. Ademais da creación de órganos autonómicos nalgunhas comunidades, medrou moito o

persoal adscrito ao SDC e ao TDC; ademais creouse a Comisión Nacional da Enerxía e a Comisión para o Mercado das Telecomunicacións¹, que dedican parte da súa actividade a promover a competencia nos seus respectivos sectores.

Nos últimos anos, pois, a defensa da competencia en España aumentou a súa importancia como obxectivo político, así como o seu peso como instrumento da política económica. O proceso de creación de órganos de defensa da competencia autonómicos ten lugar, pódese dicir, nun contexto de madurez desta materia.

A nivel comunitario a Comisión Europea, en particular a Dirección Xeral da Competencia, ten as competencias administrativas, mentres que o Tribunal de Primeira Instancia e o Tribunal de Xustiza da Comunidade Europea as teñen desde o punto de vista xurisdiccional.

3.1.3. Conxunto de principios ou elementos xurídicos fundamentais

No sistema de defensa da competencia destaca tamén unha serie de principios ou elementos xurídicos fundamentais. Cabe sinalar entre eles as condutas tipificadas e as sancións que poden impoñer os tribunais de defensa da competencia.

Na actualidade, e segundo se recolle na Lei 6/2004 de 12 de xullo, e no Decreto 20/2005, do 3 de febreiro, de desenvolvemento desa lei, as funcións dos órganos galegos de defensa da competencia son as seguintes.

Ao SGDC correspóndenlle, entre outras, as dúas funcións de instrución seguintes: (i) a persecución de oficio, a instancias da administración, de casos particulares que restrinxen a competencia na nosa comunidade; e (ii) a investigación en profundidade das denuncias que efectúen os particulares, sexan persoas afectadas por prácticas

¹ A Comisión Nacional da Enerxía contaba no 2004 con 178 persoas, mentres que a Comisión para o Mercado das Telecomunicacións tiña, no 2003, 140 persoas.

restritivas da competencia ou empresas ou profesionais que se vexan afectados por esas prácticas.

Estas dúas funcións do SGDC, consistentes na apertura e instrución dos expedientes, son de gran relevancia xa que permiten iniciar o operativo de defensa da competencia. Tal como se sinalou anteriormente, resulta obvio que este Servizo debe contar con medios axeitados á función que ten que desenvolver e, tamén, contar co debido impulso administrativo para o inicio dos expedientes que se consideren relevantes.

Pola súa banda, ao TGDC correspóndenlle as seguintes funcións: (i) a resolución dos procedementos sancionadores que afectan as condutas tipificadas na lei, a saber, os acordos colusivos, o abuso da posición dominante, e os actos de competencia desleal que falseen a libre competencia; (ii) a emisión de informes referidos na Lei 6/2004, de 12 de xuño; e (iii) o estudo da competencia en Galicia, e a promoción dos valores da competencia entre os operadores económicos e a sociedade galega.

3.1.4. Procedementos de actuación

Por último, forman parte tamén do sistema de defensa da competencia os procedementos de actuación ante os órganos administrativos correspondentes e os tribunais ordinarios. Estes procedementos permiten o tratamento administrativo e xurisdiccional daquelas condutas que se consideren contrarias ás normas da competencia ou que, aínda séndoo, poidan recibir unha exención de carácter legal polos seus efectos beneficiosos para a sociedade.

Destaca a este respecto a capacidade de iniciativa da administración para actuar de oficio en aqueles casos de vulneración das normas de competencia que se consideren relevantes. Tamén cómpre subliñar o emprego de medios da propia administración para avanzar nas investigacións de prácticas contrarias ás normas de competencia que proveñan de denuncias de particulares ou de

actuacións de oficio, de maneira que a carga da proba non recae exclusivamente sobre os denunciante.

Estas consideracións teñen unha importancia transcendental porque, en boa medida, fan depender a actuación dos órganos de defensa da competencia, nomeadamente dos servizos de defensa da competencia, do maior ou menor impulso que reciban dende as instancias administrativas nas que estean integrados, así como dos medios técnicos e materiais de que dispoñan. A responsabilidade da Administración neste sentido é moi destacada.

3.2. Papel dos órganos galegos de defensa da competencia no amparo e promoción da competencia en Galicia.

Sen dúbida, o feito máis relevante ocorrido en Galicia no ano 2005 no eido da defensa da competencia foi a creación e posta en marcha dos órganos galegos de defensa da competencia, tanto do TGDC como do SGDC. Ambos os dous órganos foron creados pola Lei 6/2004, do 12 de xullo.

O TGDC comezou as súas activades o 1 de xaneiro de 2005, despois da toma de posesión dos seus tres membros, o presidente e os dous vogais, o 29 de decembro de 2004. O SGDC comezou as súas actividades en maio de 2005, despois do nomeamento da xefa do servizo e subdirectora da consellería de Economía e Facenda.

Con anterioridade á creación do TGDC e o SGDC a protección da competencia e a difusión dos seus valores na nosa comunidade autónoma dependía exclusivamente das actuacións do TDC e do SDC da Administración Xeral, a través das súas actuacións de oficio ou por denuncia de particulares. Agora, coa creación das institucións galegas, ábrese unha oportunidade de excepción para avanzar de xeito significativo na consecución dun maior nivel de competencia entre as empresas e demais axentes económicos.

A creación dos órganos galegos de defensa da competencia enmárcase nun proceso de descentralización de competencias. Este proceso foi desencadeado pola sentenza do Tribunal Constitucional número 208, de 11 de novembro de 1999, que abriu a posibilidade de que as comunidades autónomas crearan órganos propios, ao declarar inconstitucionais varios artigos da Lei 16/1989, de 17 de xullo, de Defensa da Competencia.

A posible creación de órganos autonómicos de defensa da competencia como resultado da sentenza antedita do Tribunal Constitucional xerou a necesidade dunha lei que establecera o reparto e coordinación de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas. Esta foi a Lei 1/2002, de 21 de febreiro. Tres elementos deben subliñarse nesta lei:

- Os chamados puntos de conexión: que son os criterios de atribución de casos entre o Estado e as CCAA. Aínda que se parte da chamada teoría do efecto –ás CCAA correspóndelles tramitar aqueles casos que teñen efectos no seu territorio, mentres que os casos que teñan efecto supraautonómico corresponderán ao Estado–, a lei engade unha serie de supostos –moi pouco definidos–, polos que os casos que afecten, entre outros, a factores como a unidade de mercado, corresponderán tamén ao Estado.
- A resolución de conflitos entre os distintos órganos: establécense mecanismos de transvase de información e créase a Xunta Consultiva para a resolución de conflitos de atribución de competencias, con representación das CCAA e do Estado.
- Os mecanismos de cooperación e colaboración: fíxase a posibilidade de que o SDC e o TDC celebren convenios de colaboración cos órganos competentes das CCAA, créase o chamado Consello de Defensa da Competencia como órgano de colaboración, coordinación e información recíproca entre o Estado e as CCAA, e atribúese lexitimación ao SDC para intervenir –en

calidade de interesado- nos procedementos tramitados polos órganos autonómicos.

Unha vez aprobada a Lei 1/2002, do 221 de febreiro, Cataluña creou os seus propios órganos de defensa da competencia. Galicia foi a segunda comunidade autónoma que os estableceu. Na actualidade existen institucións deste carácter, ademais das sinaladas, en Madrid, Estremadura, Aragón e País Vasco.

3.2.1. Referencia ó caso alemán

Alemaña é, seica, o país cun modelo de defensa da competencia máis similar ao español: descentralizou a execución da política de defensa da competencia en 1958. O Bundeskartellamt (BKA, órgano central de competencia) e as Landeskartellbehörden (autoridades rexionais de competencia) comparten competencias executivas e fano segundo a teoría do efecto.

A lei alemá -inspiradora da Lei 1/2002- é, en xeral, máis aberta que a española, cunha delimitación aínda menos precisa dos supostos de relación entre os órganos centrais e os rexionais. Malia iso, ao longo dos anos, as autoridades de competencia rexionais alemás foron consolidando unha actividade significativa a partir da relación harmoniosa co BKA.

Formalmente, as autoridades rexionais alemás de competencia tramitan un elevado número de expedientes, aínda que máis do 90% dos que inician acaban en sobresemento ou sendo delegados a outras autoridades. Así, o número de expedientes terminados en multa ou sanción neste nivel é baixo.

A experiencia de Alemaña é interesante para o proceso de descentralización en España. Dous trazos relevantes son os seguintes:

- o número de denuncias que atenden as autoridades rexionais alemás é moi elevado. Iso suxire que en España, máis aló do efecto substitución entre o SDC e o TDC, por unha banda, e os

novos órganos autonómicos de competencia, por outra, a maior proximidade destes á realidade económica pode xerar un aumento no número de denuncias que, eventualmente, pode ser importante. En principio, cabe supoñer que a magnitude desa demanda sobrevida dependerá de forma directa da visibilidade con que actúen as novas autoridades autonómicas.

– existe unha elevada colaboración entre o BKA e as autoridades rexionais para abordar cuestións de competencias que desde a perspectiva da demanda (é dicir, dos consumidores) teñen unha dimensión local ou rexional, pero que desde o punto de vista da oferta teñen un alcance nacional (por exemplo, enerxía, telecomunicacións). Para tratar estes casos de forma adecuada constituíronse comisións *ad hoc* de seguimento, nas que o BKA ten un papel predominante, non só na coordinación, senón tamén na resolución práctica de cuestións substantivas.

O proceso de descentralización que se está desenvolvendo en España esixe un esforzo de coordinación e colaboración entre os diversos organismos responsables, así como unha vontade de respecto entre as autoridades centrais e as novas autoridades autonómicas. Se a lealdade institucional é respectada e salientada, o proceso descentralizador pode producir unha actuación máis eficiente e que responda mellor ás demandas e as necesidades dos distintos axentes económicos.

Nas comunidades autónomas, a constitución de Tribunais de Defensa da Competencia independentes do poder local pode ser unha ocasión para facer un labor de promoción da competencia e de proposta de novas actuacións en ámbitos onde ata agora as autoridades centrais non puideron entrar. Da súa capacidade de incidir nestes ámbitos dependerá a credibilidade e a avaliación que caiba facer destes órganos.

4. CONDUCTAS RESTRITIVAS DA COMPETENCIA

O control das prácticas que se consideran como potencialmente contrarias á competencia se estrutura en dúas liñas básicas: control de condutas e control de estruturas.

No control de condutas os poderes públicos perseguen e tratan de evitar os pactos colusorios, o abuso de posición de dominio e as prácticas desleais que polas súas características desborden os límites da afectación aos suxeitos privados, repercutindo negativamente no interese xeral.

Pola súa banda, no control de estruturas o cometido dos poderes públicos é evitar que mediante operacións de compras ou fusionés se creen estruturas empresariais potencialmente perturbadoras da competencia.

Xunto a estes dous grupos de prácticas atoparíase un “tertius genus”, derivado da propia actuación dos poderes públicos como reguladores ou outorgantes de axudas que poden afectar negativamente á eficiencia dos mercados, ao falsear a competencia². Neste punto o problema é o posible conflito de intereses entre as autoridades que conceden as axudas a nivel nacional ou local, e as instancias comunitarias, que son as que efectivamente fan o control, maioritariamente preventivo (control ex ante). Non obstante, apréciase un impulso por fixar condicións (cuantitativas e cualitativas) no marco das cales o control so sería a posteriori, para verificar o cumprimento de certos límites ou salvagardas.

Aínda que a descentralización existente en España no ámbito da defensa da competencia afecta soamente as chamadas prácticas restritivas, onde Estado e CCAA comparten competencias executivas, a análise da situación da competencia en Galicia esixe considerar ademais

² A actuación do Estado como operador económico está suxeita aos controis anteriores de condutas e estruturas.

destas condutas as materias de concentracións e de axudas públicas, malia que as competencias de execución correspondan exclusivamente ao Estado. Tamén se debe lembrar que o Estado retén a competencia normativa xeral con carácter exclusivo en todos eses ámbitos.

4.1. Condutas restritivas da competencia

O lexislador europeo, e español, preocúpase, no que se refire as condutas, de dous grandes campos: os pactos colusorios (artigos 81 CE e 1 LDC) e o abuso de posición de dominio (artigo 82 CE e 6 LDC). En adición, no caso español, tamén existe o control das prácticas desleais que poidan afectar gravemente ao interese público (artigo 7 LDC).

No que se refire aos pactos colusorios (artigo 1 LDC), se prohíbe todo acordo, decisión ou recomendación colectiva, ou práctica concertada ou conscientemente paralela, que teña por obxecto, produza ou poida producir o efecto de impedir, restrinxir, ou falsear a competencia en todo ou parte do mercado nacional.

Os acordos colusorios fan referencia a todo pacto verbal ou escrito mediante o que varios operadores económicos comprométese nunha conduta que ten por finalidade ou efecto restrinxir a competencia. É a primeira das modalidades enumeradas como prácticas colusorias prohibidas polo artigo 1 LDC (e tamén polo artigo 81 TCE).

As decisións ou recomendacións colectivas con fins ou efectos contrarios á competencia constitúen formas de prácticas colusorias prohibidas, tamén polo artigo 1 LDC, equiparables aos acordos. En realidade son acordos adoptados por asociacións empresariais ou corporacións, de carácter vinculante (decisións) ou só orientador (recomendacións), consideradas coma se fosen acordos entre os asociados, ficción que se utiliza para evitar que os socios poidan eludir as súas responsabilidades colusorias polo procedemento de trasladar a autoría formal ao ente colectivo.

Unha práctica concertada é unha forma de cooperación informal entre empresas independentes sen o referendo dun acordo. A figura das prácticas concertadas presenta un perfil borroso, carecendo da nitidez do concepto de acordo ou de decisión colectiva. A doutrina e a xurisprudencia foron fixando o concepto para facelo aprehensible na práctica, pero o seu contido substancial segue a ter certa vaguidade. Estas prácticas suscitan o severo problema da proba de presunción.

Para rematar, enténdese por práctica conscientemente paralela o comportamento harmonizado de varias empresas no mercado, sen que medie un acordo expreso ou tácito entre as mesmas, que é simple consecuencia de desenvolver, cada unha delas, as respectivas accións co propósito de evitar a discordancia, coñecendo cada unha previamente os fins e medios das demais. O problema da proba fai que, na práctica, esta figura non teña presenza nas resolucións do TDC.

O lexislador español, seguindo os pasos do comunitario, enumera uns exemplos moi clarificadores de condutas colusorias:

- a) a fixación, de forma directa ou indirecta, de prezos ou de outras condicións comerciais ou de servizo.
- b) a limitación ou o control da produción, a distribución, o desenvolvemento técnico ou os investimentos.
- c) o reparto do mercado ou das fontes de aprovisionamento.
- d) a aplicación, nas relacións comerciais ou de servizo, de condicións desiguales para prestacións equivalentes que coloquen a uns competidores en situación de desvantaxe fronte a outros.
- e) a subordinación da celebración de contratos á aceptación de prestacións suplementarias que, pola súa natureza ou de acordo cos usos de comercio, non garden relación co obxecto de tales contratos.

Quedan fora da citada prohibición, segundo prevé o artigo 2 LDC, aqueles acordos que teñan amparo legal, pero non os que deriven do exercicio doutras potestades administrativas ou sexan causados pola actuación dos poderes públicos ou as empresas públicas sen dito amparo legal.

O segundo grupo de condutas potencialmente contrarias á competencia son as que xurdan do abuso dunha posición de dominio (artigo 6 LDC). En consecuencia, queda prohibida a explotación abusiva por unha ou varias empresas:

- a) Da súa posición de dominio en todo ou en parte do mercado nacional.
- b) Da situación de dependencia económica na que se poidan encontrar as empresas clientes ou subministradoras que non dispoñan de alternativa equivalente para o exercicio da súa actividade. Esta situación presumirase cando un aprovisionador, ademais dos descontos habituais, deba conceder ao seu cliente de forma regular outras vantaxes adicionais que non se conceden a compradores similares.

Esta prohibición é aplicable aínda nos casos en que a posición de dominio no mercado dunha ou varias empresas se teña establecida por disposición legal.

Dun xeito semellante ao que acontece cos acordos, o lexislador español precisa algúns supostos de posibles abusos:

- a) A imposición, de forma directa ou indirecta, de prezos ou outras condicións comerciais, ou de servizos no equitativos.
- b) A limitación da produción, a distribución ou o desenvolvemento técnico en prexuízo inxustificable das empresas ou dos consumidores.

c) A negativa inxustificada a satisfacer as demandas de compra de produtos ou de prestación de servizos.

d) A aplicación, nas relacións comerciais ou de servizo, de condicións desiguais para prestacións equivalentes, que coloquen a uns competidores en situación desvantaxosa fronte a outros.

e) A subordinación da celebración de contratos á aceptación de prestacións suplementarias que, pola súa natureza ou de acordo aos usos de comercio, non garden relación co obxecto de tales contratos.

f) A ruptura, aínda que sexa de forma parcial, dunha relación comercial establecida sen que existira preaviso escrito ou preciso cunha antelación mínima de 6 meses, salvo que se deba a incumprimentos graves das condicións pactadas polo provedor ou en caso de forza maior.

g) Obter ou intentar obter, baixo a ameaza de ruptura das relacións comerciais, prezos, condicións de pago, modalidades de venda, pago de cargas adicionais e outras condicións de cooperación comercial non recollidas nas condicións xerais de venda que se teñan pactadas.

O lexislador español inclúe tamén entre as condutas contrarias a competencia que se deben prohibir para garantir un nivel de competencia efectiva nos mercados, certas prácticas desleais que pola súa gravidade superarían a esfera privada, ao afectar ao interese público, por minguar gravemente os niveis de competencia (artigo 7).

No ano 2005, os expedientes específicos de Galicia foron resoltos polo TDC. Foron tres: (i) expediente 670/05, Unión Fenosa 2; (ii) expediente 483/00, Colexio Oficial de Xestores Administrativos de Galicia; e (iii) expediente A 352/05, Morosos Fabricantes Cemento de Galicia.

O obxecto da primeira resolución é un recurso interposto pola entidade UNIÓN FENOSA GENERACIÓN, S.A. contra a Providencia do SDC pola que se lle notificou o Prego de Concreción de Feitos referidos a comisión de supostas prácticas restritivas da competencia no funcionamento da Central Eléctrica de Meirama. Na resolución non se especifica cáles son esas prácticas cuestionadas e só se entra na cuestión formal relativa a impugnabilidade do referido documento.

Pola súa banda, a resolución sobre o Colexio Oficial de Xestores Administrativos de Galicia ordena á citada institución o pago da multa de 30.050,6 € que lle fora imposta polo propio TDC.

Na terceira resolución o TDC analiza a solicitude de autorización dun rexistro de morosos presentada pola Asociación de Fabricantes de Derivados del Cemento de Galicia, que é autorizada.

Polo que se refire aos expedientes examinados polo TDC no ano 2005 con afectación a Galicia dada a súa incidencia en todo o mercado español, cabe sinalar que se relacionan na meirande parte con autorizacións singulares. Isto sucede no caso dos expedientes relativos as comisións bancarias das tarxetas de crédito (A 314/02. SISTEMA 4B; A 318/02. SERVIRED; e A 308/01. EURO 6000/4B), tema sobre o que recentemente tamén ten iniciada unha investigación a Comisión Europea (IP/06/496. 12 de abril de 2006).

Nestes expedientes o TDC resolveu denegar as autorizacións singulares solicitadas (4B e SERVIRED) e incoar o procedemento para revogar a concedida no ano 2001 (EURO 6000), por considerar que infrinxían o artigo 1 LDC. As autorizacións solicitadas tiñan como obxecto obter o amparo para os acordos de fixación das taxas de intercambio locais, é dicir, a retribución que os bancos se deben satisfacer entre eles polas transaccións nacionais realizadas polos seus clientes con tarxetas de crédito ou débito.

Tamén corresponden a autorizacións singulares diversos expedientes relativos a solicitudes de rexistro de morosos de diferentes asociacións profesionais de carácter nacional (rótulos luminosos, instrumentación dental, distribución de gasóleo, hostalería ou pavimentos de madeira, etc.).

Para rematar, o expediente 584/04, PRENSA/CORREOS, de data 16/06/2005, constitúe un caso de abuso de posición de dominio. Neste expediente o TDC sancionou á Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos (CORREOS), denunciada pola Asociación de Prensa Profesional (APP) e Central de Compras, S. L., polo aumento por sorpresa e abusivo das tarifas oficiais para 2002 e o trato discriminatorio aos editores de prensa profesionais.

4.2. Operacións de concentración

O control estrutural exerceuse sobre aquelas operacións destinadas a reforzar o poder de mercado dos competidores a través das operacións de adquisición e fusión de empresas.

O papel dos poderes públicos diríxese nesta materia a controlar os cambios que os operadores queren levar a cabo e valorar a súa incidencia na consecución ou mantemento dos niveis axeitados de competencia efectiva. Tras este control existe, evidentemente, unha valoración sobre as dimensións óptimas que deben ter os operadores.

Non todas as operacións de concentración teñen que ser notificadas ao SDC. Segundo o artigo 14 LDC só existe a obriga de notificalas cando:

- a) Como consecuencia da operación se adquira ou se incremente unha cota igual ou superior ao 25 por 100 do mercado nacional, ou dun mercado xeográfico definido dentro do mesmo, dun determinado produto ou servizo, ou,

b) O volume de vendas global en España do conxunto dos partícipes supere no último exercicio contable a cantidade de 40.000 millóns de pesetas (240.404.841,75 euros), sempre que ao menos dous dos partícipes realicen individualmente en España un volume de vendas superior a 10.000 millóns de pesetas (60.101.210,44 euros).

Asemade, e tal e como establece o artigo 14.2 LDC, se considerarán concentracións económicas aquelas operacións que supoñan unha modificación estable da estrutura de control das empresas partícipes mediante:

a) A fusión de dous ou mais empresas anteriormente independentes.

b) A toma de control da totalidade, ou de parte, dunha empresa ou empresas mediante calquera medio ou negocio xurídico.

c) A creación dunha empresa en común e, en xeral, a adquisición do control conxunto sobre unha empresa, cando esta desempeñe con carácter permanente as funcións dunha entidade económica independente e non teña por obxecto ou efecto fundamental coordinar o comportamento competitivo de empresas que continúen sendo independentes

Segundo os datos recollidos do SDC, organismo que desenvolve a primeira fase do proceso e que polo tanto recolle todas as operacións desta natureza que teñen que ser notificadas, no ano 2005 houbo en España 115 operacións notificadas. Deste total tiñan algunha vinculación con Galicia as 7 seguintes:

- **Expediente: N-05104 ACS / UNIÓN FENOSA. Notificación: 29/11/2005.**

OPERACIÓN: Adquisición do control exclusivo por parte de ACS, ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS, S.A., sobre Unión Fenosa, S.A. a través dunha OPA sobre o 10 % do seu capital social.

RESOLUCIÓN: non remisión ao TDC (27-12-2005).

- **Expediente: N-05103 AGBAR / UNIÓN FENOSA / CAJA MADRID / APPLUS. Notificación: 18/11/2005**

OPERACIÓN: Adquisición do control conxunto por parte de SOCIEDAD GENERAL DE AGUAS DE BARCELONA, S.A., UNIÓN FENOSA, S.A., E SOCIEDAD DE PROMOCIÓN Y PARTICIPACIÓN EMPRESARIAL CAJA MADRID, S.A. sobre APPLUS, SERVICIOS TECNOLÓGICOS, S.L.

RESOLUCIÓN: non remisión ao TDC (26-12-2005).

- **Expediente: N-05096 FINSA / WHF / MEDILAN DARBO. Notificación: 04/11/2005.**

OPERACIÓN: Adquisición das compañías francesas WEYERHAEUSER HOLFING FRANCE SAS, WEYERHAEUSER MEDILAND SAS e WEYERHAEURSER CARBO SAS por parte de FINANCIERA MEDERERA, S.A.

RESOLUCIÓN: non remisión ao TDC (05/12/2005).

- **Expediente: N-05082 GAS NATURAL / ENDESA. Notificación: 12/09/2005.**

OPERACIÓN: Adquisición por Gas Natural SDG, S.A. do control exclusivo sobre ENDESA, S.A. mediante OPA sobre o 100% do seu capital

RESOLUCIÓN: remisión ao TDC (07/11/05).

DECISIÓN DO CONSELLO DE MINISTROS: Acordo de Consello de Ministros de data 3 de febreiro de 2006, polo que, conforme ao disposto na letra b) do artigo 17 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de Defensa da Competencia, se decide subordinar á observancia de condicións a aprobación da operación de concentración económica consistente na toma de control exclusivo de ENDESA, S.A. por parte de GAS NATURAL SDG, S.A.

- **Expediente: N-05081 UNIÓN RADIO / ANTENA 3 RADIO. Notificación: 05/09/2005.**

OPERACIÓN: Integración de Antena 3 de Radio, S.A. en Sociedade de servizos radiofónicos Unión Radio, S.L.

RESOLUCIÓN: remisión ao TDC (31/10/2005).

DECISIÓN DO CONSELLO DE MINISTROS: Acordo de Consello de Ministros de data 27 de xaneiro de 2006, polo que, conforme ao disposto na letra b) do artigo 17 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de Defensa da Competencia, se decide subordinar á observancia de condicións a aprobación da operación de concentración económica consistente na toma de control exclusivo de ANTENA 3 DE RADIO, S.A. por parte de SOCIEDAD DE SERVICIOS RADIOFÓNICOS UNIÓN RADIO, S.L.

- **Expediente: N-05028 CAJA BADAJOZ / CAJA CASTILLA LA MANCHA / CAIXA GALICIA / CAJA MURCIA / CAJA CANARIAS / CAJA SA NOSTRA / CAM / UNICAJA / BEM. Notificación: 01/04/2005.**

OPERACIÓN: Adquisición do control conxunto de BEN CENTRO DEL EMIGRANTE ESPAÑA, S.L. e as súas participadas por parte de CAJA BADAJOZ, CAJA CASTILLA LA MANCHA, CAIXA GALICIA, CAJA MURCIA, CAJA CANARIAS, CAJA SA NOSTRA, CAJA DEL MEDITERRANEO y UNICAJA.

RESOLUCIÓN: non remisión ao TDC (29/04/2005).

- **Expediente: N-05023 FERROATLÁNTICA/PÉCHINEY ELECTRO-MÉTALLURGIE. Notificación: 1/03/2005.**

OPERACIÓN: Adquisición por parte de FERROATLÁNTICA, S.L. do 100 % do capital social da sociedade francesa PÉCHINEY ELECTROMÉTALLURGIE, SAS e as súas filiais, todas integrantes do negocio de ferroaleacións de PÉCHINEY.

RESOLUCIÓN: non remisión ao TDC (26/04/2005).

4.3. Axudas públicas

Alén do labor de control das actividades das empresas, mesmo de titularidade pública, os poderes públicos asumen tamén unha dobre responsabilidade: como poder ordenador dos mercados e como potencial cedente de axudas.

O primeiro aspecto atópase limitado polo fenómeno da integración dos mercados europeos e a política de liberalización impulsada dende as institucións europeas. As autoridades nacionais poden desenvolver a súa tarefa dentro das marxes que lle recoñece a normativa comunitaria, moi dependente da vontade dos Estados membros.

Polo que se refire ás axudas públicas é preciso distinguir dous planos claramente diferenciados. Por unha parte, o estritamente orzamentario, definido pola orixe dos recursos; pola outra, a súa posible incidencia sobre as condicións da competencia. En ámbolos dous casos predícase a necesidade de efectuar unha eficiente asignación dos recursos dispoñibles, tratando de conciliar a eficiencia social coa estritamente económica.

Desde o punto de vista orzamentario, os recursos dos que se nutren as axudas públicas poden proceder da propia administración autonómica, do Estado ou dos fondos comunitarios. En calquera destes

casos, cando as axudas entran no concepto de “axuda estatal” que se infire do artigo 87 CE están sometidas ao control comunitario.

O control exércese pola Comisión Europea, á que debe notificarse todo proxecto de axuda nova, agás as que poidan acollerse á regra *de minimis* ou ás exencións por categorías, que serían, no seu caso, obxecto dun control a posteriori. As axudas xa autorizadas poden seguir concedéndose polo período e nas condicións que se recollan na correspondente decisión que as autorizou (axudas existentes).

Non se dispón de datos sobre o volume de axudas concedidas no ano 2005 en Galicia por todas as autoridades. Esta falta de información constitúe unha das dificultades apuntadas por este TGDC para cumprir satisfactoriamente a nova función que a Lei de Transparencia e Boas Prácticas, actualmente en tramitación, lle vai encomendar, como oportunamente se fixo constar no informe elaborado a tal efecto polo Pleno do TGDC, nº 21, de data 14 de febreiro de 2006, remitido á Secretaría Xeral e do Patrimonio, que o solicitara.

No referido informe sinalábase, entre outras cousas, o seguinte:

“No tocante á mención que se contén no artigo 13, a emisión dun informe anual, preceptivo e non vinculante do TGDC, sobre o impacto das axudas sobre a libre competencia, cómpre facer as seguintes observacións:

(...)

Para cumprir debidamente con esa función, poderíase recoller ese mesmo mandato na Lei de Transparencia e Boas Prácticas, obxecto deste comentario, sexa con carácter vinculante ou non, facultativo ou obrigatorio; e ademais arbitrar os medios adecuados para que o TGDC dispoña coa antelación suficiente de información para poder emitir o seu informe.

(...)

Por outra parte, faise preciso tamén articular mecanismos que garantan que a información de que precisa dispor o TGDC para emitir o seu informe chegue de maneira precisa, tanto en tempo, como en contido. Tamén sería conveniente deseñar algún tipo de modelo estandarizado que permita concretar os aspectos relevantes das axudas en cuestión.”

En resumo, a falta de información sobre as axudas públicas concedidas pola administración autonómica, a estatal e a comunitaria no ano 2005 en Galicia impide facer un comentario sobre as mesmas.

5. SECTORES NOS QUE SE IDENTIFICAN CONDUCTAS RESTRITIVAS DA COMPETENCIA

En Galicia existe unha falta de estudos sobre a situación da competencia tanto a nivel xeral como sectorial. Esta situación fai que sexa esencial acometer esta tarefa, en especial no referente á situación dos diversos mercados existentes.

Non cabe facer unha determinación exacta do nivel de competencia en Galicia, xa que tal determinación non se ten realizado, Neste nivel global pódese indicar, non obstante, que nos informes do *World Economic Forum* se mide o nivel de efectividade da política de competencia, o que permite clasificar aos países segundo esta variable. España, e dun xeito xeral Galicia por estar integrada no seu marco normativo e económico, obtivo unha puntuación de 5,2 sobre 7³. Esta cifra indica que se ben a política da competencia ten na actualidade un nivel bo, consecuencia da mellora acontecida nos últimos 15 anos, aínda está lonxe das mellores prácticas internacionais.

Máis importante parece, por mor de desenvolver actuacións públicas concretas, intentar coñecer a situación dos diversos sectores e múltiples mercados existentes na nosa Comunidade, en especial do sector servizos. E isto por dúas razóns. En primeiro lugar pola súa importancia no PIB galego.

No cadro que segue pódese ver a distribución do PIB entre distintos sectores económicos nos anos 2000 a 2003. O sector máis importante é o dos servizos que proporciona o 56 por cento do PIB. A construción alcanza o 10,6 por cento do PIB; é outro dos grandes sectores nos que as políticas de defensa da competencia poden ter maior incidencia. A industria con un 14,6 por cento agrupa actividades moi variadas e en xeral expostas ao comercio exterior e a competencia de empresas foráneas. A enerxía, con un 4 por cento do PIB, inclúe

³ Véase J.Borrell e A. Costas (2005) "*Sugerencias y Comentarios al Libro Blanco para la Reforma del Sistema Español de Defensa de la Competencia*". Páxina web do SDC.

Informe sobre a situación ...

grandes empresas en réxime oligopolístico onde o mercado de referencia é o español. Por último a agricultura cun 5,1 por cento é un sector en descenso con grande atomización da oferta e suxeito a prácticas de oligopsonio (oligopolio de demanda) en varios dos seus produtos.

En segundo lugar pola dimensión local de moitos dos mercados existentes neste sector. Este trazo fai que os efectos das condutas anticompetitivas que se produzan nestes mercados sexan competencia dos órganos de defensa da competencia galegos.

A análise da situación da competencia nos mercados pode realizarse recorrendo a diferentes enfoques. Unha clasificación sinxela dos mesmos, identifica os seguintes: (i) enfoque obxectivo e baseado nos expedientes das autoridades da competencia; (ii) enfoque obxectivo e baseado en indicadores; e (iii) enfoque subxectivo, baseado en opinións dos empresarios e dos consumidores.

GALICIA. Produto interior bruto a prezos de mercado e os seus compoñentes						
	2000	2001 (P)	2002 (P)	2003 (P)	2004 (P)	2005 (1ª E)
PRODUTO INTERIOR BRUTO A PREZOS DE MERCADO	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
Agricultura, gandería e pesca	6,2	5,8	5,6	5,1	4,9	4,8
AA Agricultura, gandería, caza e silvicultura	4,1	3,8	3,7	3,3		
BB Pesca	2,1	2,0	1,9	1,7		
Enerxía	4,4	4,1	4,2	4,0	3,7	3,4
CA+CB+DF Extracción de produtos enerxéticos; extracción outros minerais; coquerías, refino e combustibles nucleares	1,2	1,2	1,2	1,0		
EE enerxía eléctrica, gas e auga	3,2	2,9	3,0	3,0		
Industria	15,6	15,2	14,8	14,6	14,1	13,7
DA Industria da alimentación, bebidas e tabaco	2,5	2,5	2,4	2,4		
DB+DC Industria téxtil e da confección; industria do coiro e do calzado	1,4	1,3	1,3	1,2		
DD Industria da madeira e o cortiza	1,0	0,9	0,9	0,8		
DE Industria do papel; edición e artes gráficas	1,1	0,9	0,9	0,9		
DG Industria química	0,6	0,6	0,6	0,6		
DH Industria do caucho e materias plásticas	0,5	0,5	0,5	0,5		
DI Outros produtos minerais non metálicos	1,2	1,2	1,2	1,1		
DJ Metalurxia e fabricación de produtos metálicos	2,3	2,2	2,2	2,2		
DK Maquinaria e equipo mecánico	0,6	0,6	0,6	0,6		
DL Equipo eléctrico, electrónico e óptico	0,6	0,6	0,6	0,5		
DM Fabricación de material de transporte	3,5	3,3	3,3	3,3		
DN Industrias manufactureiras diversas	0,5	0,4	0,4	0,5		
Construción	9,3	9,8	10,2	10,6	11,0	11,7
FF Construción	9,3	9,8	10,2	10,6	11,0	11,7
Servizos	54,9	55,9	55,9	56,0	56,3	56,0
GG Comercio e reparación	9,3	9,4	9,2	8,9		
HH Hostalería	5,3	5,3	5,3	5,3		
II Transporte e comunicacións	5,2	5,5	5,4	5,4		
JJ Intermediación financeira	3,7	3,8	3,8	3,6		
KK Inmobiliarias e servizos empresariais	11,1	11,7	12,2	12,4		
LL Administración pública	5,6	5,4	5,3	5,6		
MM Educación	5,5	5,5	5,4	5,3		
NN Actividades sanitarias e veterinarias; servizos sociais	5,0	5,1	5,1	5,2		
OO Outros servizos e actividades sociais; servizos persoais	3,1	3,2	3,2	3,2		
PP Fogares que empregan persoal doméstico	1,1	1,1	1,0	1,0		
Impostos netos sobre os produtos	9,5	9,2	9,3	9,7	10,0	10,4
PRODUTO INTERIOR BRUTO A PREZOS DE MERCADO	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
Pro-memoria:						
Servizos de non mercado	14,8	14,6	14,5	14,6	14,4	14,3
(P) Estimación provisional						

Fonte: INE Instituto Nacional de Estatística

5. 1. Sectores identificados a partir do enfoque obxectivo e baseado nos expedientes rexistrados polas autoridades da competencia

Tal como se ten dito anteriormente, a análise da situación da competencia non está fixada como unha función explícita dos órganos de defensa da competencia da Administración Xeral e, en particular, do TDC. Tampouco é unha función asignada aos restantes tribunais autonómicos existentes. Isto pode relacionarse co feito de que a concepción das Memorias destes organismos, máis que como un relatorio de actividades desenvolvidas, é a dunha recompilación sintética dos expedientes resoltos no ano correspondente, o que permite construír unha imaxe da situación da competencia.

A contabilización dos expedientes rexistrados pola autoridade da competencia correspondente ten, pois, potencial para proporcionar unha “fotografía” da situación da competencia, aínda que só dos seus elementos visíbeis⁴.

Para a análise da situación competitiva dos sectores galegos no ano 2005 segundo esta perspectiva téñense que identificar os expedientes que corresponderon a nosa Comunidade.

Dada a data de entrada en funcionamento do SGDC, non houbo denuncias neste órgano, agás nos últimos meses, polo que non se puido completar a instrución de ningún no mesmo ano. Consecuentemente, ao non ter entrada no TGDC ningún expediente, este organismo non puido ditar ningunha resolución sobre condutas restritivas. Por conseguinte cómpre examinar a situación no SDC e no TDC.

A información pública do SDC relativa aos expedientes do ano 2005 aínda non é accesible; a do TDC si. Agora ben, dado que na información deste organismo aparecen xuntos expedientes que afectan só a comunidades autónomas e expedientes que abarcan todo o

⁴ A non existencia de denuncias ou investigacións de oficio sobre prácticas de empresas galegas non é un indicador fiable das restricións á competencia existentes.

mercado español, cómpre, en primeiro lugar, identificar aqueles que teñen un efecto específico na nosa comunidade e, logo, aqueles que ó incidir en todo o mercado español afectan tamén a Galicia.

5.1.1. Resolucións do TDC con efectos exclusivos na Comunidade Autónoma de Galicia. Ano 2005.

Neste apartado recóllense as resolucións ditadas polo TDC no ano 2005 que afectan exclusivamente a Galicia. Para ter unha visión algo máis dinámica, no Anexo I achéganse as resolucións da mesma natureza –efectos exclusivos en Galicia– que foron ditadas nos anos 2004 e 2003.

– Expediente 670/05 v. Unión Fenosa 2. 7 de decembro de 2005.

O obxecto desta RTDC é un recurso interposto pola empresa UNIÓN FENOSA GENERACIÓN, S.A. contra a Providencia do SDC pola que se lle notificou o Prego de Concreción de Feitos referidos a comisión de supostas prácticas restritivas da competencia no funcionamento da Central Eléctrica de Meirama.

Esta resolución afecta, evidentemente, ao sector da enerxía eléctrica de Galicia.

– Expediente 483/00. Colexio Xestores Administrativos Galicia (Resolución execución de sentenza). 23 de outubro de 2005.

O obxecto desta RTDC é o de ordenar ao Colexio Oficial de Xestores Administrativos de Galicia o pago da multa de 30.050,6 € que lle fora imposta por impor aos colexiados un servizo centralizado obrigatorio para a presentación de documentos ante a Xefatura Provincial de Tráfico de Lugo.

Na tipoloxía de servizos utilizada polo TDC, esta resolución intégrase na categoría “colexios profesionais”.

- Expediente A 352/05, Morosos Fabricantes Cemento Galicia, de 24 de maio de 2005.

Esta RTDC analiza a solicitude de autorización dun rexistro de morosos presentada pola Asociación de Fabricantes de Derivados del Cemento de Galicia, que é autorizada. O sector afectado é, evidentemente, o cementeiro.

No ano 2005, ademais dos casos citados, que na actualidade terían sido examinados polos órganos galegos de defensa da competencia na medida en que os seus efectos se producen de maneira exclusiva no ámbito da nosa comunidade autónoma, outros expedientes analizados e resoltos polo TDC afectan a Galicia, se ben, polo seu carácter supraautonómico, son da competencia do TDC. Entre estes casos merecen ser citados pola súa incidencia os que se citan a continuación.

- Expedientes sobre comisións bancarias das tarxetas de crédito (A 314/02. Autorizacións Singulares. SISTEMA 4B. 11/04/2005. Firme. A 318/02. Autorizacións Singulares. SERVIRED. 11/04/2005. Firme e A 308/01 Autorizacións Singulares. EURO 6000/4B. 07/11/2005. Pendente).

Nestes expedientes o TDC resolveu denegar as autorizacións singulares solicitadas (4B e SERVIRED) e incoar o procedemento para revogar a concedida no 2001 (EURO 6000), por considerar que infrinxían o artigo 1 LDC. As autorizacións solicitadas tiñan como obxecto obter o amparo para os acordos de fixación das taxas de intercambio locais, é dicir, a retribución que os bancos deben satisfacerse entre os mesmos polas transaccións nacionais realizadas polos seus clientes con tarxetas de crédito ou débito.

Tras unha longa tramitación de preto de tres anos, o TDC resolveu denegar as solicitudes formuladas e instar a revogación da vixente, ao considerar que os acordos multilaterais de fixación de taxas de intercambio intra-sistema, que son a substancia das solicitudes, son restritivos da competencia, na medida en que restan incentivos aos

membros sistema para a negociación e conclusión de acordos bilaterais o que, na práctica, elimina a competencia entre os partícipes.

Sen embargo, o TDC recoñeceu que a fixación multilateral das taxas de intercambio non é intrinsecamente mala e que pode resultar beneficiosa para a economía, en xeral, e para los consumidores, na medida en que optimiza o funcionamento do sistema, evitando a conclusión de múltiples acordos bilaterais entre os operadores. En consecuencia, sinala que tales acordos poderían beneficiarse dunha autorización singular sempre que a fixación das taxas se efectuara de acordo a criterios obxectivos e transparentes, o que non acontecía nos casos examinados.

- Expediente 584/04, PRENSA/CORREOS, de data 16/06/2005.

Neste caso o TDC sancionou a Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos (CORREOS) por un abuso de posición dominante, denunciado pola Asociación de Prensa Profesional (APP) e Central de Compras, S. L., polo aumento por sorpresa e abusivo das tarifas oficiais para 2002 e o trato discriminatorio aos editores de prensa profesionais. É evidente que dada a cobertura dos servizos de Correos, esta conduta tiña tamén repercusións en Galicia.

- Expedientes diversos de autorización singular solicitados por asociacións profesionais de carácter nacional (como rótulos luminosos, instrumentación dental, distribución de gasóleo, hostalería ou pavimentos de madeira).

Na medida en que empresas galegas formaran parte destas asociacións, as resolucións teñen efectos sobre a situación da competencia en Galicia.

No Anexo II amósase o conxunto de expedientes relativos a prácticas prohibidas e autorizacións singulares resoltos polo TDC no ano 2005.

5.2. Sectores identificados a partir do enfoque obxectivo e baseado en indicadores

A situación da competencia nun determinado sector pode estimarse sobre a base do coñecemento de indicadores do nivel de competencia existente.

Para a identificación de tales indicadores debe lembrarse que un sector se pode definir como un grupo de empresas que producen produtos que son substitutivos próximos. Na práctica adoita darse controversia sobre o grado en que os produtos son substitutivos en termos de necesidade, categoría, proceso ou mercado xeográfico.

5.2.1. Posibles indicadores da situación competitiva

A literatura económica identifica diversos indicadores da rivalidade existente entre as empresas que forman un sector. Entre eles os máis relevantes son os seguintes:

- Niveis de beneficios superiores á media mantidos no tempo.

A competencia nun sector opera en forma continua reducindo a taxa de rendemento sobre o investimento cara á taxa de rendemento “mínima” (aproxímase ao rendemento a longo prazo das obrigacións do Estado axustado pola *prima* de risco). A existencia de taxas de rendemento maiores da “mínima” (ou de mercado) en determinados sectores estimula o investimento de capital neles, xa sexa mediante: (i) o investimento adicional das empresas existentes e (ii) o ingreso de novas empresas.

A entrada de novas empresas nun sector aporta: (i) capacidade adicional; (ii) desexo de obter participación no mercado; e (iii) inestabilidade.

Cando un sector económico ten unha rendibilidade superior á media dun xeito persistente no tempo cabe pensar que existen

restricións á competencia, xa que como se dixo anteriormente a maior rendibilidade atraerá a novos entrantes, levando a unha diminución da rendibilidade media.

O mantemento dunha rendibilidade por riba da media dun xeito persistente podería deberse, entón, á inexistencia de rivalidade no seo do sector, á inexistencia de produtos substitutivos e/ou á existencia de barreiras á entrada.

A intensidade da rivalidade competitiva varía notablemente entre os sectores; nuns é implacable, noutros, escasa. A rivalidade competitiva será máis forte cando se dan os seguintes factores estruturais: (i) gran número de competidores ou empresas con recursos similares, (ii) lento crecemento das vendas do sector; (iii) elevados custos fixos das empresas do sector; (iv) escasa diferenciación dos produtos e baixos custos de cambio de aprovisionador; (v) aumentos importantes da capacidade de produción; e (vi) diversidade dos equipos directivos das empresas do sector.

Un gran número de competidores no sector favorece a loita competitiva, xa que a probabilidade de rebeldía fronte ao *status quo* aumenta; os operadores poden ter a crenza de que poden iniciar movementos competitivos sen que os seus rivais o noten, e as empresas coñécense menos.

Cando un sector está moi concentrado ou dominado por unha empresa, o líder pode impor unha determinada disciplina. Ademais, as empresas coñécense e existen poucas posibilidades de erro na avaliación das forzas respectivas. Malia estas consideracións, poden producirse casos de forte rivalidade en sectores formados por poucas empresas e con recursos moi igualados. Neste caso, as loitas son especialmente intensas xa que as empresas poden competir en igualdade de condicións e teñen recursos para manter longas batallas.

Informe sobre a situación ...

O crecemento lento do sector tamén intensifica a competencia, xa que para medrar as empresas teñen que aumentar a súa participación no mercado a expensas dos seus rivais.

Os elevados custos fixos tamén incentivan a realización de accións competitivas, pois crean unha forte presión sobre as empresas para vender máis e deste xeito diminuír o custo medio.

Cando se percibe un produto case sen diferenzas respecto dos seus competidores, a elección dos consumidores estará baseada principalmente no prezo, o que dá como resultado unha intensa competencia nesta variable. A diferenciación de produto crea capas de illamento contra a guerra competitiva, debido a que os compradores teñen preferencias e lealdade por provedores particulares. Os custos de cambio teñen o mesmo efecto.

A literatura estratéxica tamén sinala que a diversidade dos competidores en tamaño, estratexias, orixes e relacións coas súas organizacións matrices, xera opinións diferentes sobre as formas de competir máis eficaces e dificultades para acordar un “conxunto de regras de xogo” para o sector. Os competidores estranxeiros adoitan aportar unha gran dose de diversidade e, con frecuencia, distintos obxectivos debido ao distinto das súas circunstancias.

Os factores que determinan a intensidade da rivalidade competitiva poden cambiar co tempo, como consecuencia do avance do ciclo de vida do produto. Outro cambio común na rivalidade acontece cando se produce unha adquisición que introduce novas formas de competir. Tamén a innovación tecnolóxica pode elevar o nivel dos custos fixos do proceso de produción.

– Número de empresas no sector e índices de concentración

O número de empresas e a distribución das cotas de mercado son aspectos de importancia decisiva para a propensión e estabilidade dos acordos contrarios á competencia e ao abuso de posicións de dominio.

O número de empresas existentes nun sector resulta un indicador imperfecto á hora de determinar a súa estrutura. En consecuencia propúxose a súa substitución por medidas do grao de concentración do sector. Na maioría dos casos os índices de concentración calcúlanse a partir das cifras de vendas das empresas⁵ recollidas nas bases de datos empresariais. Os índices máis populares son o índice de concentración das catro maiores empresas do sector e o índice Herfindahl–Hirschman⁶.

O índice de poder de mercado agregado para un sector é o cociente entre o índice Herfindahl–Hirschman e a elasticidade da demanda. Un sector estará tanto máis concentrado canto maior sexa a cota de mercado (ou de produción) agregada dun certo número de empresas.

Malia o interese de coñecer os índices de concentración sectoriais de Galicia, o seu cálculo non é doado nos casos en que a demanda dos produtos é satisfeita dun xeito significativo tanto por empresas galegas que tamén actúan noutros mercados como por empresas non localizadas na nosa comunidade. As dificultades proveñen da necesidade de coñecer: (i) a porcentaxe das vendas que realizan en Galicia as empresas non localizadas neste territorio pero que operan no mesmo, e (ii) a porcentaxe das vendas que realizan fora de Galicia as empresas localizadas na nosa Comunidade pero que tamén operan noutras. Xeralmente estas porcentaxes son información interna das empresas que non está dispoñible.

Cando se opera só cos datos das empresas localizadas en Galicia, sen ter en conta a participación de operadores nacionais ou internacionais, o índice de concentración obtido para o sector analizado pode ser totalmente irrelevante.

⁶ O índice Herfindahl–Hirschman (IHH) calcúlase como a suma dos cadrados das cotas de mercado das empresas do sector. O IHH aumenta conforme diminúe o número de empresas e/ou aumentan as diferenzas de tamaño entre elas.

En xeral, os índices de concentración calculados non se deben utilizar sen máis; tense que valorar en conxunto con outros trazos dos sectores.

– Existencia de produtos substitutivos

A existencia de produtos substitutivos dun produto dado diminuíra o poder de mercado das empresas que venden este último dado que os consumidores, ante prezos excesivos, poden cambiar a súa elección cara o produto substituto.

O grado de substituíbilidade entre os produtos mídese mediante a elasticidade cruzada demanda-prezo.

– Barreiras a entrada existentes

A entrada de novas empresas nun sector depende da (i) altura das barreiras á entrada existentes, e (ii) intensidade da reacción esperada dos incumbentes.

Entre as barreiras á entrada destacan as seguintes: (i) economías de escala, que se relacionan coa escala mínima eficiente e, por iso, coa desvantaxe en custos por tamaño; (ii) economías derivadas da integración vertical; (iii) intensidade de capital requirida; e (iv) intervención do sector público.

A existencia de elevadas economías de escala obriga ás empresas que entran no sector a facelo en gran escala, polo que deben esperar unha forte reacción dos incumbentes; é dicir, das empresas xa instaladas. Se a empresa entrante o fai a pequena escala, ten que aceptar a desvantaxe en custos. As economías de escala poden darse en calquera das funcións dunha empresa (p.e, produción, vendas, etc.).

Tamén se presenta unha barreira cando existen economías derivadas da integración vertical, pois a empresa que ingresa debe

facelo dun xeito integrado ou enfrontarse a unha desvantaxe en custos, en abastecemento ou en distribución.

Os poderes públicos poden limitar, e ata impedir, o ingreso de novas empresas a determinados sectores mediante: (i) a esixencia de licenzas; (ii) a lexislación sobre patentes; (iii) as normas de control da contaminación; e (iv) as normas para a aprobación de produtos (p.e, alimentos, fármacos).

A actuación dos poderes públicos nestas áreas ten evidentemente beneficios sociais directos, pero a miúdo tamén ten consecuencias secundarias sobre o ingreso de novas empresas que, ás veces, non se coñecen.

Ademais de por factores estruturais e políticos, a entrada de novas empresas nun sector tamén está afectada pola reacción esperada das empresas establecidas. Se esta se espera que sexa moi agresiva, para dificultar a permanencia no sector da que entra, entón a entrante pode ser disuadida a facelo.

A literatura considera que os seguintes factores indican unha elevada probabilidade de resposta agresiva: (i) fortes reaccións no pasado das empresas existentes; (ii) recursos a disposición das empresas instaladas para defenderse; (iii) as empresas establecidas teñen grandes activos inmovilizados no sector; (iv) o sector experimenta un lento crecemento das vendas, o que fai difícil incorporar á nova empresa sen diminuír os ingresos das existentes.

– Evolución da demografía empresarial.

Cando a demografía empresarial dun sector é pouco dinámica nun determinado territorio –en termos comparativos, menos dinámica que noutro que opera como referente–, este dato pode ser utilizado como indicador da menor incidencia do fenómeno de destrución creadora e do proceso de selección dos máis eficaces como efecto da competencia.

A nivel xeral, a análise do comportamento das altas e baixas de empresas galegas revela un menor dinamismo que a media estatal, e por tanto parece indicar que existen máis restricións á operativa do proceso de destrución creadora.

- Reducida apertura ao exterior, avaliada polo fluxo de importacións, incluíndo aquí o intercambio có resto das comunidades autónomas de España.

- Prezos elevados en relación a outros territorios similares.

Na medida en que se produzan diverxencias significativas nos prezos con respecto a outros mercados, *ceteris paribus*, pódese supor a existencia de restricións á competencia.

5.2.2. Estudo sobre os prezos relativos de Galicia respecto da media española

O TGDC firmou un convenio de colaboración coa Universidade de A Coruña no marco do cal se encargou a un equipo de investigación do departamento de Análise Económica un estudo titulado “Panorama competitivo de Galicia” no que se examinaron os índices de prezos no mercado galego e no mercado español, elaborándose índices de prezos relativos de Galicia respecto da media española. A análise estatística da diverxencia relativa de prezos ao longo do período 2002–2006 permite identificar varias áreas de risco potencial.

A identificación dunha diverxencia positiva, dado que os prezos relativos de Galicia soben con taxas medias anuais acumulativas significativamente distintas de cero, pode tomarse como indicación dunha peculiaridade local que, se non está xustificada polos custos de transporte, pode provir de impactos diferenciais e persistentes de oferta ou de demanda, ou ata de utilización do poder de mercado do lado dos oferentes (tipo monopolístico ou oligopolístico) ou do lado dos demandantes (tipo monopsónico e oligopsonico).

A aplicación desta metodoloxía permitiu identificar un conxunto de bens con diverxencia positiva de prezos en Galicia respecto da media española. Estes son os que se amosan no seguinte cadro.

Categorías de bens con diverxencia positiva de prezos en Galicia respecto da media española.

	Taxas anualizadas en %
Patacas e seus preparados	5,8%
Obxectos recreativos	1,5%
Electrodomésticos e reparacións	1,3%
Artigos recreativos e deportivos, florería	1,2%
Preparados de legumes e hortalizas	1,1%
Hoteis e outros aloxamentos	1,1%
Calefacción, iluminación e distribución de auga	0,9%
Carburantes e combustibles	0,9%
Educación secundaria	0,8%
Servizos sen aluguer de vivenda	0,8%
Produtos enerxéticos	0,8%
Froitas frescas	0,6%
Reparación de calzado	0,6%
Prendas de vestir de homes	0,5%
Mobles e revestimentos do chan	0,5%
Bens de equipo (industriais)	0,4%
Utensilios e ferramentas para o fogar	0,4%
Mobles e outros aparellos	0,4%
Medicamentos e material terapéutico	0,4%
Prendas de vestir de muller	0,4%
Calzado de home	0,3%
Educación infantil e primaria	0,3%
Café, cacao e infusións	0,3%
Téxtiles accesorios para o fogar	0,3%

Como se pode ver, entre os produtos con diverxencias de prezos positivas destacan: as patacas e seus preparados; os obxectos

recreativos; os electrodomésticos e a súa reparación; os artigos recreativos e deportivos; os preparados de legumes e hortalizas; os hoteis e outros aloxamentos; a calefacción, iluminación e distribución de auga; os carburantes e combustibles; a educación secundaria; os servizos sen aluguer de vivenda; e os produtos enerxéticos.

Neste punto hai que lembrar de novo que a análise dos índices de prezos comparativos aporta unha peza interesante de evidencia, pero sen un carácter definitivo nin concluínte por si mesma. Deberá pois utilizarse como un elemento máis nas valoracións sectoriais.

5.3. Sectores identificados a partir do enfoque subxectivo

O enfoque subxectivo supón analizar a situación da competencia nos mercados a partir das opinións dos operadores económicos. Neste enfoque poden identificarse dúas metodoloxías.

A primeira, baseada en entrevistas a empresarios relevantes no sector, ten por obxecto coñecer a súa opinión para, entre outros motivos, establecer liñas de actuación cara á liberalización do mesmo. Esta metodoloxía foi utilizada dun xeito rigoroso no informe, xa clásico, do TDC do ano 1993, titulado *“Remedios Políticos que pueden favorecer la Libre Competencia en los servicios y atajar el daño causado por los monopolios”*.

Neste informe, que tivo unha importante repercusión no proceso de liberalización e de aumento da competencia en España, identificábanse os seguintes sectores como necesitados dunha intensa liberalización: (i) telecomunicacións; (ii) transporte; (iii) produción e comercialización de enerxía; (iv) servizos mortuorios; (v) solo urbano; e (vi) actividades de instalación e mantemento⁷.

⁷ Inclúe unha ampla diversidade de profesións relacionadas cunha gran variedade de instalacións, equipos e produtos industriais: aparellos elevadores, fontanería, gas, electricidade, calefacción e climatización, frigoristas, aparellos sometidos a presión, caldeiras, maquinistas e palistas mineiros, depósitos de produtos petrolíferos, máquinas de preparación rápida de café, grúas, etc. A diversidade dos equipos e as

Xunto co feito de que algúns dos mercados identificados no informe seguen a ter problemas de competencia, a súa importancia ven de que, ao longo do mesmo, se destacan as dificultades da liberalización dos mercados de bens e servizos, así como a relevancia do proceso para que os seus froitos se amplíen a todos os sectores e axentes sociais.

A segunda metodoloxía recorre a mostras representativas da poboación obxecto de estudio e utiliza cuestionarios estruturados. As preguntas intentan coñecer a opinión dos empresarios, ou dos consumidores, sobre a situación da competencia nos mercados. Entre os estudos máis relevantes con esta metodoloxía atópanse os realizados pola *Office of Fair Trading* (OFT) do Reino Unido.

Dado que potencialmente o TGDC podería propor realizar informes deste tipo para coñecer a situación en Galicia, coméntanse brevemente as características do informe presentado pola *OFT* en 2005 a modo de mostra. Antes de explicar os seus trazos básicos, cómpre indicar que a realización deste tipo de estudos, iniciados no 2003, foi consecuencia do recoñecemento de que é difícil medir con fiabilidade o impacto directo nos mercados das actividades realizadas pola *OFT* e que é máis axeitado facelo mediante estudos que exploren as percepcións dos consumidores e dos empresarios sobre os mercados e a competencia.

O informe do 2005, que é o segundo realizado pola institución, comeza cunha explicación dos trazos do método de investigación e das características das mostras de empresarios (1.007 foron entrevistados mediante contacto telefónico sobre a base do método das cotas) e de consumidores (1.035 foron entrevistados no seu fogar mediante contacto persoal dun axente).

profesións vai acompañada dunha ampla diversidade de regulamentos das actividades de instalación e mantemento.

Informe sobre a situación ...

O informe trata de coñecer as percepcións dos entrevistados basicamente en catro materias: (i) os abusos no mercado e se a situación mudou respecto do pasado; (ii) as barreiras á competencia e se a situación mudou respecto do pasado; (iii) os mercados en xeral, facendo referencia á lexislación, regulacións e penalizacións, e (iv) os sectores, puntuando a calidade, as posibilidades de elección, o valor aportado e o servizo ao consumidor.

Outro aspecto que abarca o informe é o relativo as percepcións dos empresarios sobre a OFT, o coñecemento da mesma e a comprensión das súas funcións

Dado que non existe un estudo de características semellantes para Galicia, non se dispón de información sobre o coñecemento das normas e regulacións de defensa da competencia por parte dos axentes económicos e da poboación en xeral. Malia a carencia de información contrastada, nas presentacións realizadas polo TGDC ante empresarios e consumidores parecía detectarse que tal coñecemento é máis ben limitado. Isto non debe sorprender: os datos do informe da OFT indican que no Reino Unido só o 3% dos empresarios consideran que teñen un bo coñecemento da materia, mentres que o 68% manifesta ter só un coñecemento “básico”.

6. CONCLUSIÓNS SOBRE A SITUACIÓN DA COMPETENCIA

Neste apartado preséntanse as conclusións básicas do TGDC sobre a situación de competencia en Galicia.

6.1. Sobre a situación institucional

- a. Os órganos galegos de defensa da competencia non actúan illadamente: a súa conduta incardínase dentro dun sistema de valores –cultura de defensa da competencia– e dun sistema administrativo de defensa da competencia que opera a nivel de toda a Unión Europea e que na actualidade responde a unha estrutura descentralizada.
- b. A cultura dos cidadáns no relativo á defensa da competencia resulta de importancia fundamental na actuación dos órganos encargados desta materia. No caso galego resulta difícil facer aseveracións firmes, se ben parece que as prácticas contrarias á libre competencia non teñen unha penalización social importante.
- c. Desde a perspectiva institucional, un indicador relevante da situación da competencia nun determinado territorio é a atención das autoridades públicas aos temas da súa defensa. En Galicia, a posta en funcionamento en 2005 do TGDC e o SGDC supón un fito nesta materia. Malia isto, o cadro de persoal do SGDC resulta moi escaso.
- d. Ademais de polos seus órganos propios, a competencia en Galicia tamén é defendida nos expedientes de carácter supraautonómico polos órganos de defensa da competencia da Administración Xeral do Estado. Se ben hai tempo que foron creados, nos últimos anos tiveron unha potenciación significativa, se se considera o significativo medre dos seus cadros de persoal. Así o SDC pasou de 69 membros no 2000 a 95 membros no 2004, cun incremento importante do

persoal do Grupo A (17 vs. 32); mentres que no TDC a partida de gastos de persoal⁸ medrou tamén dun xeito significativo, pasando de 1.177,4 miles de euros en 2000 a 3.318,9 miles de euros en 2004.

- e. No reparto de funcións entre o SGDC é o TGDC, correspóndelle ao primeiro, entre outras, as dúas de instrución seguintes: (i) a persecución de oficio, a instancias da administración, de casos particulares que restrinxen a competencia na nosa comunidade, e (ii) a investigación en profundidade de denuncias que efectúen os particulares, sexan persoas afectadas por prácticas restritivas da competencia ou empresas ou profesionais que se vexan afectados por esas prácticas. Pola súa banda, correspóndelle ao TGDC: (i) a resolución dos procedementos sancionadores que afectan as condutas tipificadas na lei, (ii) a emisión de informes referidos na Lei 6/2004 de 12 de xuño, e (iii) o estudo da competencia en Galicia, e a promoción dos valores da competencia entre os operadores económicos e a sociedade galega.
- f. No referente aos procedementos debe destacarse a capacidade de iniciativa da Administración para actuar de oficio en aqueles casos de vulneración das normas de competencia que se consideren relevantes, así como o emprego de medios da propia Administración para avanzar nas investigacións de prácticas contrarias ás normas de competencia que proveñan de denuncias de particulares ou de actuacións de oficio, de maneira que a carga da proba non recaea exclusivamente sobre os denunciante.

⁸ Non se dispón de información sobre o cadro de persoal.

6.2. Sobre as condutas restritivas da competencia

- a. O control das prácticas que se consideran como potencialmente contrarias á competencia se estrutura en dúas liñas básicas: control de condutas (pactos colusorios, abuso de posición de dominio e prácticas desleais que polas súas características desborden os límites da afectación aos suxeitos privados, repercutindo negativamente no interese xeral) e control de estruturas (análises ex-ante orientados a evitar que mediante fusións ou adquisicións se creen estruturas empresariais potencialmente perturbadoras da competencia).
- b. Xunto a estes dous grupos de prácticas atópase un “tertius genus”, derivado da actuación dos poderes públicos como outorgantes de axudas que poden afectar negativamente á eficiencia dos mercados, ao falsear a competencia.
- c. No ano 2005, os expedientes específicos para Galicia foron resoltos polo TDC, e foron tres: (i) expediente 670/05, Unión Fenosa 2; (ii) expediente 483/00, Colexio Oficial de Xestores Administrativos de Galicia; e (iii) expediente A 352/05, Morosos Fabricantes Cemento Galicia.
- d. Tamén afectan á situación da competencia en Galicia expedientes de carácter supraautonómico. Entre estes merecen destacarse os relativos as autorizacións singulares relacionadas coas tarxetas de crédito (A 314/02. SISTEMA 4B; A 318/02. SERVIRED; e A 308/01. EURO 6000/4B), tema sobre o que recentemente tamén ten iniciada a Comisión Europea unha investigación a nivel europeo.
- e. O control estrutural exercecese sobre aquelas operacións destinadas a reforzar o poder de mercado dos competidores a través das operacións de adquisición e fusión de empresas.

Por mor disto, non todas as operacións de concentración teñen que ser notificadas ao SDC.

- f. Segundo os datos recollidos do SDC, organismo que desenvolve a primeira fase do proceso e que polo tanto recolle todas as operacións desta natureza que teñen que ser notificadas, no ano 2005 houbo en España 115 operacións notificadas, das que 7 tiñan algunha vinculación con Galicia.
- g. No relativo as axudas públicas, a falta de información sobre as concedidas pola administración autonómica, pola estatal e pola comunitaria no ano 2005 en Galicia impide facer un comentario sobre as mesmas.

6.3. Sobre a situación sectorial

- a. En Galicia existe unha falta de estudos sobre a situación da competencia tanto a nivel xeral como sectorial. Esta situación fai que sexa esencial acometer esta tarefa, en especial no referente á situación dos diversos mercados de servizos existentes.
- b. A análise da situación da competencia nos mercados pode realizarse recorrendo a diferentes enfoques. Unha clasificación sinxela dos mesmos identifica os seguintes: (i) enfoque obxectivo e baseado nos expedientes das autoridades da competencia; (ii) enfoque obxectivo e baseado en indicadores; e (iii) enfoque subxectivo, baseado en opinións dos empresarios e dos consumidores.
- c. A identificación dos sectores con maiores problemas de competencia a partir da contabilización dos expedientes rexistrados pola autoridade da materia proporciona unha “fotografía” da situación da competencia, aínda que só dos seus elementos visíbeis.

- d. Co enfoque obxectivo baseado nos expedientes do TDC, no ano 2005 soamente tres sectores estiveron afectados por problemas de competencia con efecto exclusivo en Galicia: enerxía eléctrica, colexios profesionais e sector cementeiro. Tamén houbo resolucións que, por ter efectos supraautonómicos, tamén os tiveron na nosa comunidade. Neste grupo os expedientes máis notorios corresponderon ao sector bancario, xa que afectan ás autorizacións singulares sobre as comisións bancarias das tarxetas de crédito.
- e. Dadas as limitacións da imaxe da competencia nos sectores derivada dos expedientes tramitados polas autoridades de competencia é importante recorrer a indicadores que poidan proporcionar unha visión máis ampla.
- f. Se ben existe un gran número de posibles indicadores da situación da competencia nos sectores, a realización dos estudos enfróntanse a múltiples dificultades técnicas.
- g. O TGDC comezou o proceso de afondar progresivamente no coñecemento da situación da competencia nos sectores galegos promovendo un estudo sobre os prezos relativos en Galicia, en tanto que indicadores da competencia.
- h. Para coñecer a situación da competencia nos mercados tamén se pode recorrer a un enfoque subxectivo, baseado en preguntar aos empresarios e aos consumidores as súas percepcións sobre a situación.
- i. Na variante do enfoque que recorre a mostras representativas da poboación obxecto de estudio e utiliza cuestionarios estruturados, non existen estudos en Galicia nin en España. O interese desta metodoloxía fai que sexa unha alternativa a considerar á hora de seleccionar estudos a realizar no futuro.

- j. Os sectores con potenciais prácticas restritivas a nivel autonómico son aqueles nos que o mercado é case sempre local, cunha demanda atomizada con escasa capacidade de resposta organizada. Os oferentes poden constituír con facilidade asociacións ou grupos colusivos con un impacto notable para os consumidores. A persecución de oficio por parte do SGDC ten grandes posibilidades de actuación neste grupo de sectores. Trátase en xeral de servizos.

- k. Outros sectores nos que se poden producir prácticas anticompetitivas son os oligopolios de ámbito estatal procedentes dos antigos monopolios e en plena transición cara unha plena liberalización. Nestes sectores pódense xerar problemas de abuso de posición de dominio ou de colusión que, probablemente, non serían responsabilidade dos órganos galegos de defensa da competencia, senón dos seus homólogos estatais, xa que os efectos se producen posiblemente en todo o mercado español, non só no galego. A capacidade de actuación dos poderes públicos a nivel autonómico nestes casos é, pois, reducida.

7. RECOMENDACIÓNS PARA INCREMENTAR A COMPETENCIA

Como colofón a este informe sobre a situación da competencia en Galicia, o TGDC quere rematar sinalando algunhas recomendacións para fortalecer a actuación dos órganos galegos de defensa da competencia e lograr un maior nivel de competencia na nosa comunidade autónoma.

7.1. A competencia como un eixe destacado da política económica

A defensa da competencia é un eixe importante da política económica da Unión Europea e dos estados membros. En España ocupa un lugar sobranceiro na política do goberno actual para fomentar a produtividade e a competitividade. Da mesma maneira é importante que figure entre as prioridades do goberno e administración autonómicas.

7.2. Dotacións para os órganos de defensa da competencia

É preciso que se doten máis medios para os órganos de defensa da competencia. O SGDC está traballando en situación de precariedade comparada con outros servizos. Como se indicou previamente, o papel do SGDC é crucial para instruír os expedientes sancionadores, sexa por denuncia ou de oficio. É prioritario neste momento reforzar o SGDC.

7.3. Actuación de oficio da administración pública

Dadas as escasas denuncias que se teñen rexistrado de casos galegos, é moi importante estimular desde a Xunta de Galicia a actuación de oficio do SGDC, de maneira que se identifiquen e persigan prácticas que sexan contrarias ás normas de competencia.

7.4. Novas competencias para os órganos galegos na perspectiva da reforma da Lei de defensa da competencia

Na actualidade estase levando a cabo un proceso de reforma da Lei de Defensa da Competencia. Trátase dunha oportunidade moi acaída para incorporar nela novas competencias para os órganos galegos,

particularmente en materia de concentración, e para lograr unha maior simetría no reparto de obrigas e deberes cós órganos da Administración Xeral, así como nos puntos de conexión de modo que se facilite e amplíe o ámbito de actuación dos órganos autonómicos.

7.5. Competencia e reforma do Estatuto galego

O proceso de reforma do Estatuto galego abre tamén unha vía para recoñecer de xeito explícito aos órganos de defensa da competencia de Galicia e as atribucións nesta materia que lle corresponden á nosa comunidade.

7.6. Transparencia e competencia no ámbito da contratación pública

Dadas as fortes implicacións da contratación pública sobre o nivel de competencia, é necesario un esforzo continuo de transparencia e introdución de criterios o máis obxectivos posibles en calquera acto desta natureza por parte dos poderes públicos.

7.7. Política de subvencións

O mesmo que no punto anterior, a política de subvencións ás empresas pode deteriorar notablemente o nivel de competencia do mercado. É importante limitar ao mínimo imprescindible as subvencións ás empresas, e sobre todo ir eliminando a cultura da subvención como vía para sobrevivir nos mercados. Neste sentido, a proposta da Xunta de Galicia de facer obrigatorio un informe anual global do TGDC sobre as axudas públicas na nosa comunidade autonómica é un paso adiante positivo.

7.8. Apoio aos labores de promoción dos méritos da competencia entre a sociedade

O goberno e as institucións públicas deben contribuír na medida do posible ao labor de difundir na sociedade os méritos da competencia. A Administración galega pode desenvolver un labor sen

dubida positivo neste sentido, particularmente desde as Consellerías máis relacionadas con esta materia e outras instancias administrativas.

7.9. O papel dos cidadáns e das empresas na defensa da competencia

Todos os esforzos de amparo e promoción da competencia quedarían baldíos se os cidadán, as empresas e os demais axentes económicos non se implican na defensa da mesma. Por iso o TGDC fai un chamamento á cidadanía en xeral e aos colectivos máis directamente afectados para que coñezan e practiquen debidamente as normas da competencia e fagan cumprir esas normas nos seus ámbitos respectivos.

ANEXO I.

RESOLUCIÓN DITADAS POLO TRIBUNAL DE DEFENSA DA COMPETENCIA NOS ANOS 2004 E 2003 CON EFECTOS EXCLUSIVOS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

- Resolución Expte 578/04. EKO-AMA MONDARIZ. 2 de novembro de 2004.

A orixe deste expediente se atopa na denuncia presentada o 8 de maio de 2003 por EKO-AMA ante o SDC contra Augas de Mondariz Fonte del Val, S.A. (Mondariz) por unha suposta infracción da LDC consistente na imposición de prezos de venda ao público dos seus produtos e a interrupción do subministro dos mesmos cando a denunciante incumpriu a citada imposición.

O TDC considerou probado que Mondariz fixara os prezos mínimos de venda ao público das súas botellas de 1,5 litros ao vendedor polo miúdo (EKO-AMA), e que lle suspendera a subministración os cando o mesmo decidira non continuar respectando os prezos mínimos.

Para o TDC, aínda que Mondariz e EKO-AMA son coautores do acordo de fixación de prezos prohibido, non cabe atribuírlles igual responsabilidade xa que a participación de EKO-AMA non pasa de ser un consentimento transitorio. Por este motivo o TDC declarou só a MONDARIZ responsable da fixación vertical de prezos de venda ao público mediante un acordo de prezos mínimos suscrito entre Mondariz e EKO-AMA, que infrinxía o artigo 1 LDC, impondo a Mondariz unha multa sancionadora de 90.000 euros.

- Resolución Autorización Singular A 346/2004. Produtos Lácteos (Expte. Servizo 2502/2004). 25 de xuño de 2004.

A Organización Interprofesional de Industrias Lácteas (INLAC) solicitou perante o SDC autorización singular para la elaboración e publicación do Índice Trimestral de Tendencias de Mercado de Produtos Lácteos en España (ITTMPLE) ao abeiro do artigo 4 LDC. Tras varios requirimentos para que o Acordo de recomendación de prezos se axustara ás esixencias previstas na LDC, o SDC emitiu un Informe no que concluía que ditas esixencias non se satisfacían suficientemente.

Á vista do informe do SDC, o TDC resolve que tal sistema de formación de prezos reduciría a competencia en prexuízo do interese xeral nun mercado xa limitado pola regulación ao que se atopa sometido, polo que considerou que o sistema se dirixiría esencialmente a protexer os prezos sen producir vantaxes para os consumidores, polo que non concedeu a autorización solicitada.

- Resolución Expte R 579/03. Diario La Región. 8 de xuño de 2004

A empresa Distribucións Graña, S.A. interpuxo recurso contra o Acordo do SDC de data 9 de xuño de 2003, polo que se arquivara a denuncia que formulada a recorrente contra Diario La Región, S.A. e Distribucións Gladis, S.A. por supostas condutas prohibidas pola LDC na ruptura unilateral do contrato de distribución suscrito entre a denunciante e La Región, e a formalización desta última dun novo contrato de distribución con Gladis e a imposición de cláusulas abusivas no contrato que se rescindira.

O TDC confirma o arquivo, ao considerar que ningún dos feitos denunciados presentan indicios racionais de constituír unha infracción tipificada na LDC, na medida en que aínda que La Región tiña unha cota do 47,7%, no mercado da prensa diaria de información xeral na provincia de Ourense, existían outros xornais de información xeral cos que tiña que competir, polo que ao carecer de independencia de comportamento no citado mercado, tampouco se podía apreciar que tivera posición de dominio.

Ademais, tampouco considerou que a denunciante/recorrente dependera economicamente de La Región, xa que a distribución do citado xornal supoñía unicamente o 16% da súa facturación.

En consecuencia, ao non apreciar a posición de dominio tampouco era posible abuso algún da mesma pola rescisión denunciada.

Finalmente o TDC considerou difícil apreciar a existencia de competencia desleal entre o distribuidor e o editor, na medida en que se trataba de actividades diferentes, non substitutivas, senón complementarias, sen que fora posible apreciar deslealdade na nova distribuidora polo feito de asinar un contrato de distribución, que fora efectivo unha vez resolto o contrato de distribución anterior.

– Resolución Expte R 530/02. Abastecemento Auga Fene. 7 de maio de 2004.

Unha veciña do Concello de Fene (A Coruña) presentou en marzo de 2002 unha denuncia ante o SDC na que denunciaba ao seu concello por un suposto abuso de posición dominante prohibido pola LDC derivado da negativa do mesmo a darlle de alta, ao seu nome, o subministro de auga dunha vivenda de seu, ata o aboamento dos recibos que debía ao concello o anterior habitante da vivenda.

O SDC arquivou a denuncia en abril de 2002 ao considerar que correspondía a un interese privado que non afectaba de maneira sensible aos mecanismos do mercado e que, polo tanto, a súa eventual tutela corresponde aos órganos da xurisdición ordinaria.

O TDC desestimou o recurso apreciando que a responsabilidade subsidiaria do propietario dos inmobles arrendados polo importe dos recibos por subministro de auga potable non pagados polos arrendatarios se atopaba prevista na Ordenanza municipal que, a súa vez, se axustaba ao disposto no artigo á lexislación vixente sobre taxas e prezos Públicos.

– Resolución Expte R 599/03. Ambulancias de Ourense. 17 de febreiro de 2004.

Neste expediente, o TDC resolve o recurso interposto contra o arquivo acordado polo SDC das actuacións seguidas pola denuncia presentada polo recorrente contra a Agrupación de Ambulancias de Ourense, por impedir a súa entrada na asociación como socio de pleno dereito.

O SDC arquivara o expediente tras solicitar, e non obter, da denunciante información complementaria sobre a denuncia, recoñecendo, non obstante o SDC no seu informe ao TDC, non ter fixado prazo preclusivo para aportar esta información, polo que propón retrotraer as actuacións ao momento anterior ao do arquivo.

O TDC estima que o SDC debeu sinalar prazo ao denunciante para aportar a información solicitada e advertirlle do posible arquivo se non a presentaba en prazo, polo que estima o recurso e insta ao SDC a que continúe a investigación e retrotraia as actuacións ao momento inmediatamente anterior ao arquivo.

– Resolución Expte R 566/03. Estacións de Servizo de Galicia. 27 de xaneiro de 2004.

Neste expediente se examinaba o recurso interposto polo Instituto Galego de Consumo contra Acordo do SDC de 3 de abril de 2003 polo que arquivara a súa denuncia contra Repsol Comercial de Produtos Petrolíferos (Repsol) e Cepsa Estaciones de Servizo (Cepsa) por supostas condutas prohibidas polo artigo 1 LDC consistentes en eludir a duración máxima dos contratos de compra exclusiva establecida polo Regulamento (CEE) nº 1984/1983, na fixación de prezos de venda ao público (PVP) e de marxes comerciais nas estacións abandeiradas e en pactar entre se os prezos de venda ao público dos carburantes en Galicia.

O SDC baseou o seu arquivo no principio “non bis in ídem”, dada a identidade dos feitos, suxeitos e fundamentos cos expedientes 490/00, Repsol, y 493/00, Cepsa); a primacía do Dereito comunitario; anteriores resolucións do TDC de 1999 sobre os sistemas Videotex ou Verifone; a falta de acreditación da secuencia de contratos denunciada para alongar a duración máxima permitida polo citado regulamento e as características do mercado afectado (oligopolístico de tipo estreito) que ofrecía unha explicación alternativa á similitude de prezos denunciada.

O TDC rexeita o recurso, considerando correcto o arquivo, porque aínda que existe similitude nos prezos medios, non existen probas directas da existencia de práctica concertada ou conscientemente paralela, por tratarse o mercado afectado dun oligopolio estreito, o que permite prever os comportamentos recíprocos, que constitúen explicacións alternativas aos indicios que supoñía a similitude de prezos. Asemade, os contratos das estacións galegas eran unha nova mostra obtida da mesma poboación polo que, alcanzadas certas conclusións no ámbito nacional sobre os mesmos feitos, non cabía un novo expediente no ámbito rexional xa que sancionar repetidamente a mesma conduta entrañaría unha inadmisíbel reiteración no exercicio do *ius puniendi*.

O TDC coincidiu tamén co SDC no feito d a inexistencia da secuencia de contratos denunciada, pois os de duración superior a dez anos correspondían a contratos de arrendamento de industria nos que o titular da mesma era o propio operador, tratándose dunha modalidade contractual que tiña amparo nunha excepción recollida no propio Regulamento 1984/83.

O TDC confirma tamén a decisión de arquivo en canto á denuncia sobre o uso dos aparatos electrónicos Videotex e Verifone nas comunicacións entre as operadoras e as estacións de servizo, se ben, considera que o SDC non debe descartar, ao vixiar o cumprimento das resolucións dos expedientes 490/00 e 493/00, a posibilidade de un uso indebido dos aparatos electrónicos citados para a transmisión de pautas de comportamento fora da auténtica rede que tendan a igualar os PVP. A

homoxeneización de prezos intramarca podería facilitar a igualdade dos mesmos entre operadoras –intermarca– mais aló das reaccións lexítimas, co que as regras de xogo lícitas pasarían a ser claramente ilícitas, como una expresa colusión ou auténtica concertación.

– Resolución Expte R 581 /03. CELULOSAS. 19 de novembro de 2003.

Mediante Resolución do 21 de maio de 2002, o TDC solicitou ao SDC que completase a investigación derivada da denuncia presentada pola Asociación de Gandeiros da Coruña, Sociedade Cooperativa, contra a Empresa Nacional de Celulosas Españolas, S.A. (ENCE) por un suposto abuso de posición de dominio, consistente na imposición de prezos de compra inferiores aos do mercado, co obxecto de comprobar se o mercado xeográfico relevante era o nacional ou o galego. Concluída a investigación, o SDC adoptou Acordo de sobresemento do expediente contra o que a citada asociación interpuxo o correspondente recurso.

Nesta resolución, o TDC desestima o recurso porque considera, como SDC, que, a pesar da notable incidencia do custe de transporte sobre o prezo final da madeira de eucalipto pagada polos fabricantes españois de pasta de papel, en este caso, concorren determinadas circunstancias (entre outras, a recoñecida calidade da madeira galega ou a importante volume de importacións) que conducen a considerar que o mercado xeográfico relevante ten dimensión nacional e neste mercado ENCE non ten posición de dominio.

– Auto sobre Aclaración de Resolución Expte. 537/02. Reciclado de vidro. 2 de decembro de 2003.

– Resolución Expte A 331 /03. Morosos Ferrallistas de Pontevedra. 28 de maio de 2003.

Neste expediente analízase a solicitude presentada pola Asociación de Ferrallistas da Provincia de Pontevedra para que se lle concedera autorización singular para a creación e funcionamento dun Rexistro de morosidade. O SDC no seu Informe propuxo a concesión da

autorización solicitada, sempre que a Asociación modificase algúns aspectos das normas de funcionamento do rexistro, que non eran necesarios para que se produciran os efectos beneficios do intercambio de información; en concreto, se trataba: non se regulaba o acceso ao rexistro das empresas afectadas polo mesmo para coñecer os datos que lles afecten, os asociados ían ter acceso á identidade do acredor e non estaba prevista a adhesión voluntaria.

O TDC resolveu autorizar a creación e xestión do citado rexistro, facendo constar, non obstante, que a versión autorizada era a que corrixira os aspectos apuntados polo SDC.

- Resolución Expte A 333/03. Morosos Ferrallistas Galicia. 24 de marzo de 2003.

A Asociación Galega de Ferrallistas solicitou autorización singular, ao abeiro do artigo da LDC para a creación e funcionamento dun Rexistro de morosidade. O SDC considerou no seu informe que a Asociación debía definir claramente o alcance do artigo 5.d) dos seus Estatutos, no que, ao tratar da cooperación entre os asociados, amplía ese obxecto á "...a conclusión de acordos colectivos respecto a condutas a seguir en relación a problemas comúns".

Á vista do Informe do SDC, TDC resolve autorizar a constitución e funcionamento do rexistro solicitado, aínda que advirte que a citada norma estatutaria non pode ir contra o disposto na ampla e aberta configuración da prohibición prevista no artigo 1 LDC. A autorización se circunscribe aos efectos que el rexistro autorizado puidera producir sobre a libre competencia, non estendéndose ao cumprimento das esixencias impostas pola lexislación sobre protección de datos.

ANEXO II.

RESOLUCIÓNS SOBRE PRÁCTICAS PROHIBIDAS E AUTORIZACIÓNS SINGULARES DO TRIBUNAL DE DEFENSA DA COMPETENCIA NO ANO 2005.

- A 308/01. Autorización Singular. EURO 6000/4B. 07/11/2005. Pendente.
- A 275/00. Autorización Singular. Morosos Rótulos Luminosos (Prórroga). 28/10/2005. Firme.
- 483/00. Prácticas Prohibidas. Colexio Xestores Administrativos Galicia (Resolución Execución Sentencia). 25/10/2005. Firme.
- 585/04. Prácticas Prohibidas. Auga Costa del Sol. 11/10/2005. Pendente.
- A 142/95. Autorización Singular. Morosos Instrumentación Dental. 27/09/2005. Firme.
- 586/04. Prácticas Prohibidas. Aplicacións Electromecánicas/ Iberdrola 2.12/09/2005. Firme.
- 357/95. Prácticas Prohibidas. Expertos Inmobiliarios (Resolución de Execución de Sentencia). 26/07/2005. Firme.
- 395/97. Prácticas Prohibidas. Vacinas antigripais (Resolución de Execución de Sentencia). 21/07/2005. Firme.
- 447/98. Prácticas Prohibidas. Liñas Aéreas 2 (Resolución de Execución de Sentencia). 21/07/2005. Firme.
- 502/00. Prácticas Prohibidas. Funerarias Madrid 3 (Resolución de Execución de Sentencia). 21/07/2005. Firme.

- A 137/95. Autorización Singular. Morosos Cerámica Valencia (Renovación de autorización). 19/07/2005. Firme.
- A 353/05. Autorización Singular. Morosos distribuidores de gasóleo. 19/07/2005. Firme.
- A 135/95. Autorización Singular. Morosos Deterxentes. 14/07/2005. Firme.
- A 312/02. Autorización Singular. Rede Interflora. 12/07/2005. Firme.
- A 280/00. Autorización Singular. Morosos Hostalería. 05/07/2005. Firme.
- 558/03. Prácticas Prohibidas. Maioristas Pescado Alcantarilla. 30/06/2005. Pendente.
- 580/04. Prácticas Prohibidas. Gas Natural. 16/06/2005. Firme.
- 584/04. Prácticas Prohibidas. PRENSA/CORREOS. 16/06/2005. Firme.
- 581/04. Prácticas Prohibidas. CERAFRUT/BAYER. 14/06/2005. Firme.
- A 205/97. Autorización Singular. Carburos Metálicos (Auto incoación expediente revogación e imposición sanción). 13/06/2005. Pendente.
- 579/04. Prácticas Prohibidas. Asturcolchón/Tempur. 31/05/2005. Firme.
- A 352/05. Autorización Singular. Morosos Fabricantes Cemento Galicia. 24/05/2005. Firme.

Informe sobre a situación ...

- A 130/95. Autorización Singular. Morosos Pavimentos Madeira (Renovación de autorización). 23/05/2005. Firme.
- A 111/95. Autorización Singular. Morosos Marmolistas Valencia (Renovación de autorización). 13/05/2005. Firme.
- A 101/94. Autorización Singular. Morosos Corsetería (Renovación). 25/04./2005. Firme.
- 583/04. Prácticas Prohibidas. Aceites 25/04./2005. Firme.
- A 350/04. Autorización Singular. ECOVIDRIO. 22/04./2005. Firme.
- 370/96. Prácticas Prohibidas. Desmotadoras de Algodón (Resolución de Ejecución de Sentencia). 12/04./2005. Firme.
- 503./00. Prácticas Prohibidas. Feriantes Huesca (Resolución de Ejecución de Sentencia). 12/04./2005. Firme.
- 515/01. Prácticas Prohibidas. Bancos (Resolución de Ejecución de Sentencia). 12/04./2005. Firme.
- 482/00. Prácticas Prohibidas. Gas Natural Castela e León (Resolución de Ejecución de Sentencia). 12/04./2005. Firme.
- A 314/02. Autorización Singular. Taxas Intercambio SISTEMA 4B. 11/04./2005. Firme.
- A 318/02. Autorización Singular. Taxas Intercambio SERVIRED. 11/04./2005. Firme.
- A 287/00. Autorización Singular. Sistema Euro 6000. 11/04./2005. Pendente.
- 577/04. Prácticas Prohibidas. Cervexas Canarias. 06/04./2005. Firme.

- A 261/99. Autorización Singular. Contrato-tipo Frigoríficos (Prórroga). 04./04./2005. Firme.
- A 325/02. Autorización Singular. Contratos BP Oil España.30/03./2005. Firme.
- A 296/01. Autorización Singular. Anuario Videográfico (Prórroga). 17/03./2005. Firme.
- A 349/04. Autorizaci3ns Singulares. Morosos UNESA. 17/03./2005. Firme.
- 575/04. Pr3cticas Prohibidas. Fabricantes de Cart3n 2. 07/03./2005. Pendente.
- 574/04. Pr3cticas Prohibidas. Panaderías Aranda de Duero. 04./03./2005. Firme.
- A 109/94. Autorización Singular. Transitarios Internacionais (Prórroga). 28/02/2005. Firme.
- A 112/95. Autorización Singular. Morosos Cart3n Ondulado. 21/02/2005. Firme.
- 582/04. Pr3cticas Prohibidas. Autoescolas Estremadura. 16/02/2005. Pendente.
- 576/04. Pr3cticas Prohibidas. Multiprensa. 16/02/2005. Pendente.
- A 335/03. Autorizaci3ns Singulares. RAI/CCI. 08/02/2005. Pendente.
- 482/00. Pr3cticas Prohibidas. Gas Natural Castela e Le3n (Resoluci3n de Execuci3n de Sentencia). 20/01/2005. Firme.

Informe sobre a situación ...

- 492/00. Prácticas Prohibidas. Formigón Gerona (Resolución de Ejecución de Sentencia). 20/01/2005. Firme.
- 374/96. Prácticas Prohibidas. Aparelladores Valencia y Alacante (Resolución de Ejecución de Sentencia). 20/01/2005. Firme.
- A 104./94. Autorizaciones Singulares. Morosos Fabricantes de Mobles. 17/01/2005. Firme.